

14_

CONGRESO

PSG^{DE} / 
PSOE / 



ESTATUTOS_

07/08 DEC 2021

ESTATUTOS PSDEG-PSOE

CAPÍTULO I. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS COMÚNS.....	6
Artigo 1. Da denominación, do símbolo, da sede nacional e da páxina web.....	6
Artigo 2. Do PSdeG-PSOE.	6
Artigo 3. Principios de actuación.	7
Artigo 4. Das correntes de opinión.....	7
CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DO PSdeG-PSOE	8
Artigo 5. Da elección dos órganos de representación.	8
Artigo 6. Da censura da Secretaría Xeral e das comisións xestoras.	10
CAPÍTULO I. DA AFILIACIÓN	11
Artigo 7. Da afiliación.....	11
Artigo 8. Do comportamento das afiliadas e afiliados.....	11
Artigo 9. Perda da condición de afiliada ou afiliado.	12
CAPÍTULO II. DA MILITANCIA.....	12
Artigo 10. Da militancia.....	12
CAPÍTULO III. DA AFILIACIÓN DIRECTA	14
Artigo 11. Da afiliación directa.....	14
CAPÍTULO IV. DAS E DOS SIMPATIZANTES	15
Artigo 12. Das e dos simpatizantes.....	15
Artigo 13. Das relacións do partido coa sociedade.	15
Artigo 14. Convenios de colaboración de asociacións e colectivos.	16
CAPÍTULO I. ESTRUCTURA XERAL.....	16
Artigo 15. Da estrutura do PSdeG-PSOE.....	16
Artigo 16. Principio de non contradición normativa.	16
Artigo 17. Da capacidade regulamentaria das organizacións do partido.....	16
Artigo 18. Das actuacións dos órganos	17
CAPÍTULO II. AGRUPACIÓNS MUNICIPAIS	17
Artigo 19. Das agrupacións municipais.....	17
Artigo 20. Das responsabilidades das agrupacións municipais.	17
Artigo 21. Da constitución de novas agrupacións municipais.....	17
Artigo 22. Dos libros e rexistros das agrupacións municipais.....	18

Artigo 23. Da asesoramento e defensa xurídica para as agrupacións municipais.	18
Artigo 24. Dos órganos da agrupación municipal.	18
Artigo 25. Da Asemblea Municipal.	19
Artigo 26. Da Comisión Executiva Municipal.	19
Artigo 27. Do tamaño e estrutura da CEM.	19
Artigo 28. Da composición da CEM.	19
Artigo 29. Das reunións da CEM.	20
Artigo 30. Das funcións da CEM.	20
Artigo 31. Das dimisións e vacantes na CEM.	20
CAPÍTULO III. AGRUPACIÓNS COMARCAIS	21
Artigo 32. Da estrutura comarcal.	21
Artigo 33. Do funcionamento das agrupacións comarcais.	21
CAPÍTULO IV. AGRUPACIÓNS PROVINCIAIS	21
Artigo 34. Das agrupacións provinciais.	21
Artigo 35. Das funcións das agrupacións provinciais.	21
Artigo 36. Dos órganos das agrupacións provinciais.	21
Artigo 37. Do Congreso Provincial.	21
Artigo 38. Da convocatoria dos congresos provinciais.	22
Artigo 39. Da ratificación da normativa e resolucións dos congresos provinciais.	22
Artigo 40. Do Comité Provincial.	22
Artigo 41. Das competencias do Comité Provincial.	23
Artigo 42. Das xuntanzas do Comité Provincial.	24
Artigo 43. Das vacantes no Comité Provincial.	25
Artigo 44. Da Comisión Executiva Provincial.	25
Artigo 45. Das funcións da CEP.	25
Artigo 46. Das xuntanzas da CEP.	27
Artigo 47. Composición CEP.	27
Artigo 48. Das actuacións contrarias á normativa dos órganos provinciais.	27
Artigo 49. Dos convenios con asociacións e colectivos no ámbito provincial.	28
Artigo 50. Coordinación coas estruturas provinciais e comarcais.	28
Artigo 51. Dos órganos nacionais do PSdeG-PSOE.	28
CAPÍTULO I. CONGRESO NACIONAL GALEGO	28
Artigo 52. Do Congreso Nacional Galego.	28

Artigo 53. Das e dos participantes no Congreso Nacional Galego.....	29
Artigo 54. Do Congreso Nacional Galego.....	29
Artigo 55. Das votacións no Congreso Nacional.....	30
Artigo 56. Do Congreso Nacional Galego extraordinario.....	31
CAPÍTULO II. COMITÉ NACIONAL GALEGO.....	31
Artigo 57. Do Comité Nacional Galego.....	31
Artigo 58. Competencias do Comité Nacional Galego.....	32
Artigo 59. Das xuntanzas do Comité Nacional Galego.....	33
CAPÍTULO III. COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL GALEGA.....	34
Artigo 60. Da Comisión Executiva Nacional Galega.....	34
Artigo 61. Funcións da CENG.....	34
Artigo 62. Das xuntanzas da CENG.....	35
Artigo 63. Das e dos integrantes da CENG.....	35
Artigo 64. Da Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE.....	37
Artigo 65. Do funcionamento da CENG.....	37
CAPÍTULO IV. CONSELLO TERRITORIAL.....	38
Artigo 66. Do Consello Territorial.....	38
Artigo 67. Composición CT.....	38
CAPÍTULO V. COMISIÓN NACIONAL DE LISTAS.....	38
Artigo 68. Da Comisión Nacional de Listas.....	38
Artigo 69. Das funcións da CNL.....	38
CAPÍTULO VI. COMISIÓN NACIONAL DE ÉTICA E GARANTÍAS E RÉXIME DE RECURSOS.....	39
Artigo 70. Da Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos.....	39
Artigo 71. Das competencias da CNEGRR.....	39
Artigo 72. Do control patrimonial e protección da militancia.....	40
Artigo 73. Das declaracións de bens de candidatos/as.....	40
Artigo 74. Da instrución e tramitación do expedientes disciplinarios.....	41
Artigo 75. Da expulsión provisional do partido.....	41
Artigo 76. Das competencias disciplinarias da CENG.....	41
Artigo 77. Das conferencias: definición, convocatoria e desenvolvemento.....	42
Artigo 78. Das conferencias virtuais sectoriais.....	42
Artigo 79. Convocatoria e desenvolvemento das consultas á militancia.....	43
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	43
Artigo 80. Dos mecanismos de control e transparencia.....	43

Artigo 81. Da personalidade xurídica única.	43
Artigo 82. Do financiamento do PSdeG-PSOE.....	43
CAPÍTULO II. PATRIMONIO DO PARTIDO E A SÚA XESTIÓN.....	44
Artigo 83. Do Patrimonio	44
Artigo 84. Da xestión	44
CAPÍTULO III . DOS PODERES.....	44
Artigo 85. Dos poderes.	44
CAPÍTULO IV. ORZAMENTOS, RECURSOS ECONÓMICOS E CONTABILIDADE.....	45
Artigo 86. Dos orzamentos.....	45
Artigo 87. Dos recursos económicos.....	45
Artigo 88. Das contas bancarias do partido.....	45
Artigo 89. Dos informes, ditames e auditorías externas.	45
Artigo 90. Da intervención das contas do partido.....	45
Artigo 91. Da contabilidade e contratación.	45
CAPÍTULO V. COTAS.....	46
Artigo 92. Das cuotas e contribucións.....	46
Artigo 93. Das cuotas	46
CAPÍTULO I. SELECCIÓN DE CANDIDATAS E CANDIDATOS.....	46
Artigo 94. Da elaboración das listas.	46
Artigo 95. Do procedemento para a elección das candidaturas.....	47
Artigo 96. Da acumulación de cargos públicos.....	47
Artigo 97. Das incompatibilidades dos cargos do partido.	47
Artigo 98. Da normativa aplicable á selección de candidaturas.....	47
Artigo 99. Da oficina parlamentaria.	47
Artigo 100. Da vinculación dos acordos dos órganos nacionais ás e aos representantes públicos do partido.	48
Artigo 101. Da achega económica das e dos representantes públicos do partido..	48
Artigo 102. Do cumprimento por parte das e dos representantes institucionais das resolucións e programas do partido.	48
CAPÍTULO I. GRUPO PARLAMENTARIO	49
Artigo 103. Do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.	49
Artigo 104. Das achegas económicas.....	50
CAPÍTULO II. GRUPOS SOCIALISTAS NAS ENTIDADES LOCAIS	50
Artigo 105. Dos grupos socialistas nas entidades locais.	50
Artigo 106. Das asignacións económicas.	51

Artigo 107. Das Xuventudes Socialistas de Galicia.	51
Artigo 108. Da militancia nas XSG e no PSdeG-PSOE.....	51
Artigo 109. Da autonomía das XSG.	51
Artigo 110. Da representación das XSG.	51
Artigo 111. Da tarefa das XSG.....	52
Artigo 112. Da participación das XSG nos congresos e nas conferencias.....	52
<i>DISPOSICIÓN ADICIONAIS.....</i>	52
Disposición adicional primeira.	52
Disposición adicional segunda.....	53
Disposición adicional terceira.....	53
<i>DISPOSICIÓN FINAIS</i>	53
Disposición Final Primeira.	53
Disposición Final Segunda.....	56
Disposición Final Terceira.....	56
Disposición final cuarta.	56
Disposición final quinta.	56

ESTATUTOS NACIONAIS PSDEG-PSOE

DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS COMÚNS

Artigo 1. Da denominación, do símbolo, da sede nacional e da páxina web.

1. A denominación do partido é a de Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE. As súas siglas son as de PSdeG-PSOE. Os seus emblemas son a zafra, o tinteiro, a pluma, o libro e a rosa.
2. O seu símbolo é un cadrado co puño e a rosa acompañado das siglas PSdeG-PSOE. As variacións deste símbolo poderán ser acordadas polo Comité Nacional Galego, a proposta da Comisión Executiva Nacional Galega, presentando un libro de estilo sen necesidade de modificación dos presentes estatutos.
3. A sede nacional está situada na rúa do Pino, números 1-9, baixos, Código Postal 15.704, Santiago de Compostela, A Coruña.
4. A páxina web do PSdeG-PSOE é www.psdeg-psoe.com.

Artigo 2. Do PSdeG-PSOE.

1. O Partido dos Socialista de Galicia é unha organización política galega que, de conformidade co artigo 6 da Constitución Española, concorre á formación e manifestación da vontade popular como instrumento para a participación política que representa á clase traballadora e aos homes e mulleres que loitan contra todo tipo de explotación e desigualdade, aspirando a transformar a sociedade para convertela nunha sociedade libre, igualitaria, plural, solidaria e en paz que loita polo progreso dos pobos, en base a un proxecto político progresista, socialista e galeguista, promovendo a modernización, adecuación da nosa organización, tendo como base a confianza, a transparencia e a participación democrática.
2. O partido recolle as diferentes correntes de pensamento e opinión socialista e galeguista e respecta no seu seo a liberdade de ideas e de expresión de todos os seus membros que terán dereito a ser elixidos en calquera proceso orgánico realizado internamente para representar á corrente que pertenza.
3. O Partido dos Socialistas de Galicia é unha federación do PSOE con autonomía para desenvolver o seu labor no país galego e na Galicia emigrada. Configúrase como un instrumento de desenvolvemento da personalidade da nacionalidade galega e de defensa dos seus intereses.
4. Os seus obxectivos e programas, baseados na defensa dos intereses xerais de Galicia, da súa cultura, da súa lingua e da súa identidade, dende a cooperación e solidariedade cos demais pobos de España, son os fixados na súa declaración de principios e nas resolucións dos seus congresos.

Artigo 3. Principios de actuación.

A organización do partido inspírase nos seguintes principios:

- a) A democracia como forma de participación efectiva e a corresponsabilidade das e dos militantes na vida do partido.
- b) O respecto á liberdade de conciencia e á liberdade de expresión de cada militante no seo do partido. Garántese a total liberdade de discusión interna, tanto a cada afiliada e afiliado individualmente como a través das diferentes correntes de opinión formadas polo conxunto de afiliadas e afiliados que manteñan os mesmos criterios e opinións que poderán expresarse a través dos distintos ámbitos da organización e polas canles establecidas nestes estatutos. Non se permitirá a formación de tendencias organizadas.
- c) O cumprimento das decisións adoptadas polos órganos competentes do partido.
- d) A concepción federal da organización, entendida como integración das colectividades que a compoñen, baseada na autonomía dos seus órganos dentro das competencias que estatutariamente lles corresponden.
- e) A unidade do partido descansa, esencialmente, na unidade de pensamento fundamental que se contén no seu programa máximo, nas resolucións dos congresos e na unidade de acción das súas e dos seus militantes cara á sociedade.
- f) Entre o programa máximo e a acción política media o ancho campo dos programas transitorios e sectoriais, así como a definición de estratexias e tácticas para levarlos a cabo. Sobre todo isto pode e debe recaer o permanente exame e debate no seo da organización a través das canles estatutarias establecidas.
- g) Corresponde aos órganos que representan a toda a organización, en cada un dos niveis, decidir e fixar, dentro da órbita das súas competencias, as resolucións que fixan a posición do PSOE, así como marcar as directrices que levarán a cabo e concretar os órganos executivos, poñéndoos en práctica co apoio e cooperación dos cargos públicos electos e de toda a militancia.

Artigo 4. Das correntes de opinión.

1. As correntes de opinión constituiranse e recoñeceranse exclusivamente no ámbito federal, sen representación orgánica nin estrutura permanente en ningún outro nivel territorial.
2. Considerarase corrente de opinión o conxunto de afiliadas e afiliados que participa dos mesmos criterios políticos, dentro do respecto aos estatutos, programas e decisións dos órganos de goberno do partido, desenvolvendo a súa actividade no seo do partido.
3. As correntes de opinión deberán poñer en coñecemento dos órganos executivos as súas actuacións e, moi en particular, a documentación froito da súa reflexión e traballo para o seu coñecemento pola organización.
4. As reunións deberán realizarse nos locais do partido. As afiliadas e os afiliados que participan nos traballos dunha corrente de opinión coidarán de que non transcenda ao

exterior da organización expresións contrarias ás resolucións dos congresos e demais órganos de dirección.

CAPÍTULO II. PROCEDIMENTO DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DO PSdeG-PSOE

Artigo 5. Da elección dos órganos de representación.

Os órganos de representación serán elixidos de acordo cos seguintes criterios:

5.1. Elección dos órganos executivos:

- a) As comisións executivas municipais serán elixidas polo sistema de voto maioritario, mediante voto individual, directo e secreto da militancia en listas pechadas e bloqueadas.
- b) As comisións executivas provinciais e nacional serán elixidas polo seguinte sistema:

b.1. Elección da Secretaría Xeral:

1. Realizarase a través do sistema de primarias, por voto individual, directo e secreto das e dos militantes e, no seu caso, das afiliadas e afiliados directos que teñan plenos dereitos políticos, conforme o regulado nas normas do partido. Todos os procesos de primarias deberán rexerse por normas análogas que favorezan a presentación de candidatas e candidatos e velen pola igualdade de medios e recursos, pola imparcialidade da organización, pola liberdade e pola transparencia durante todo o proceso.
2. As primarias celebraranse polo sistema de dobre volta. Na primeira volta, resultará elixida/o secretaria/o xeral a/o candidata/o que obteña máis do 50% dos votos válidos. Se houbera máis de dúas candidaturas proclamadas e ningunha obtivese máis do 50% dos votos válidos na primeira volta, pasarán á segunda volta as dúas candidaturas que obteñan o maior número de votos, na que resultará elixida/o secretaria/o xeral a/o candidata/o que obteña maior número de votos. A candidata/o que resulte elixida/o será secretaria/o xeral, a todos os efectos, dende o momento da proclamación definitiva.
3. Para lograr a consideración de candidata/o á Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE, será necesario conseguir os avais do 6% das e dos militantes e afiliadas e afiliados directos do partido en Galicia; porcentaxe que no ámbito provincial será do 12%.
4. No caso de que só unha precandidatura consiga o número mínimo de avais requirido, o órgano verificador de avais procederá á súa proclamación como secretaria/o xeral sen necesidade de votación.
5. Aos únicos efectos de verificación dos avais precisos para poder presentar a súa candidatura á Secretaría Xeral, as precandidaturas poderán achegar ante o órgano verificador dos avais, como máximo, o 10% da militancia e da afiliación directa, tan só coa finalidade de chegar ao mínimo establecido pola posible anulación de parte dos avais presentados, porcentaxe que será do 15% no ámbito provincial.

6. O órgano verificador dos avais será a Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos nas primarias de ámbito galego e, tamén, nas primarias de ámbito provincial.
7. Para unha maior imparcialidade nos procesos de primarias, as e os candidatas/os e as e os representantes designadas/os pola candidatura que ocupen postos orgánicos en comisións executivas, durante os procesos de primarias, quedarán suspendidos do seu cargo, quedando delegadas automaticamente as súas funcións na persoa ou órgano que as normas prevexan que os substitúen nas súas funcións temporalmente.
8. O Comité Organizador das primarias garantirá o procedemento e a súa limpeza, supervisado pola Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos. Fixará claramente as diferenzas entre precandidatas/os e candidatas/os, a organización das súas actividades, o uso das sedes, a colaboración do persoal traballador do partido e o financiamento das campañas.

b.2. Elección das comisións executivas provinciais e nacional:

1. A elección das comisións executivas provinciais e nacional levarase a cabo mediante sistema maioritario, a proposta da/o secretaria/o xeral elixida/o, por voto individual e secreto das delegadas e dos delegados, con dereito a voto no respectivo congreso.
2. As substitucións dos membros das comisións executivas nacional e provinciais, producidas entre congresos, serán cubertas polo comité correspondente a proposta da Secretaría Xeral.

5.2. Elección doutros órganos:

a) Elección das e dos membros dos comités provinciais e nacional:

1. A elección das e dos membros dos comités provinciais e nacional galego realizarase nun 50% polos seus respectivos congresos e nun 50% por parte da militancia a través das agrupacións municipais ou intermunicipais, cando proceda, nun proceso que convocarán a Comisión Executiva Nacional Galega e as distintas comisións executivas provinciais, antes de que se constitúan os respectivos comités.
2. As e os membros dos comités provinciais e o Comité Nacional Galego serán elixidas e elixidos, no número que corresponda, polas delegacións dos congresos en listas paritarias, completas, pechadas e bloqueadas, respectando o artigo 3.7 dos Estatutos Federais.
3. No suposto de que existan dúas listas, a minoría que obteña, como mínimo o 20% dos votos válidos das candidaturas, terá unha representación proporcional a estes. En todo caso, a lista que obteña a maioría terá dereito á metade máis un das delegadas e dos delegados a elixir.
4. No suposto de que existan máis de dúas listas e ningunha obteña a maioría, a máis votada terá dereito a unha representación da metade máis un dos cargos a elixir, repartíndose o resto proporcionalmente entre as demais candidaturas que superasen o 20% dos votos válidos.

- b) Elección das delegacións aos congresos e participantes nas conferencias:
1. Serán elixidas/os mediante o voto individual, directo e secreto das e dos militantes do PSdeG-PSOE que teñan plenos dereitos políticos, conforme ao regulamento correspondente. Aos distintos congresos non poderán asistir como delegadas/os as e os membros das respectivas comisións executivas.
 2. A delegación resultante da votación deberá ter igual representación de mulleres e homes. Cando o número de integrantes da lista sexa impar, a presenza de ambos sexos será o máis axustada ao equilibrio numérico.
 3. O partido pronúnciase pola democracia paritaria entre homes e mulleres e, en consecuencia, adopta o sistema de representación equilibrada, en virtude do cal ningún sexo teña menos do 40% ni máis do 60% de representación en calquera órgano de dirección, control ou executivo do partido, incluídas, a dirección e voceiras/os das comisións e os cargos cuxo nomeamento recae non grupos socialistas nas institucións. Calquera excepción a esta norma deberá ser autorizada polo órgano competente, previo informe motivado.

Artigo 6. Da censura da Secretaría Xeral e das comisións xestoras.

1. Da revogación da Secretaría Xeral:
 - a) Ao inicio do proceso de revogación ou censura dunha/dun secretaria/o xeral requirirá ser motivado e acordado, mediante votación secreta, por un mínimo do 51% dos votos do comité correspondente. Adoptado o acordo de inicio do proceso de revogación, a remoción da persoa titular da Secretaría Xeral deberá ser aprobada pola militancia e polas afiliadas/os directas/os do respectivo ámbito nunha consulta que deberá celebrarse no prazo dun mes dende a adopción do acordo de censura polo comité correspondente. No caso de que a remoción sexa decidida na consulta pola maioría dos votos emitidos, producirase o cese da correspondente comisión executiva, nomeándose inmediatamente unha comisión xestora polo comité competente.
 - b) As comisións xestoras que resulten do procedemento anterior terán un mandato limitado a, con carácter xeral, un prazo de 90 días dende o seu nomeamento, tendo como misión exclusiva nese período a organización do proceso de primarias e a organización do congreso que, no seu caso, dea lugar á elección dunha/dun nova/o secretaria/o xeral e unha nova comisión executiva. A comisión xestora só poderá adoptar, dende unha posición de neutralidade interna, as decisións ordinarias de xestión da organización do partido, sen comprometer coa súa actuación política o funcionamento máis aló do período do seu mandato.
2. Da constitución das comisións xestoras:
 - a) A constitución das comisións xestoras derivarase dos supostos previstos no apartado anterior pola remoción ou censura das/os secretarias/os xerais e de aqueles outros supostos que se determinen regulamentariamente.

- b) A súa constitución deberá:
- i) Ser proposta pola Comisión Executiva Nacional Galega ou polas comisións executivas provinciais, aínda que neste suposto deberá contar co visto bo da Comisión Executiva Nacional Galega e incluírá aos compoñentes desta.
 - ii) Ser informada favorablemente pola Comisión Executiva Nacional Galega.
 - iii) Ser aprobada pola Comisión Executiva Federal.
- c) Durante o mandato das comisións xestoras, que non poderá prolongarse, con carácter xeral máis aló dos 90 días, o censo de afiliadas e afiliados, do nivel orgánico e territorial correspondente, non poderá modificarse, aos efectos do proceso de elección dos órganos aos que se substitúa temporalmente.

TÍTULO I. DAS AFILIADAS E DOS AFILIADOS

CAPÍTULO I. DA AFILIACIÓN

Artigo 7. Da afiliación.

1. Poderán adquirir a condición de afiliadas e afiliados do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE as cidadás e os cidadáns maiores de dezaioito anos que manifesten a súa vontade de colaborar e participar nas actividades do partido.
2. A condición de afiliada ou afiliado, ben como militante, como afiliada/o directa/o ou como simpatizante adquirese por medio da inscrición no censo correspondente.
3. Aquelas galegas e galegos que residan fóra de Galicia poderán, sen prexuízo da súa militancia nos partidos irmáns da Internacional Socialista, previa autorización da Comisión Executiva Federal, afiliarse ao PSdeG-PSOE.
4. A tramitación das solicitudes de admisión de afiliadas e afiliados en cada unha das modalidades de afiliación farase conforme ao correspondente regulamento federal.

Artigo 8. Do comportamento das afiliadas e dos afiliados.

Todas as afiliadas e os afiliados coñecerán e respectarán o establecido no Código Ético do partido, que, como anexo, forma parte integrante destes estatutos. En tal sentido, a afiliada ou afiliado do partido que incumpra o disposto nestes estatutos, no Código Ético ou en calquera norma regulamentaria; que observe mala conduta cívica ou ética; falte ao programa ou aos acordos ou resolucións dos órganos do partido; exprese publicamente as súas opinións en termos irresponsables ou con deslealdade ao partido ou ás súas afiliadas e aos seus afiliados; cometa actos de indisciplina, inxurie ou calumnie a algunha persoa que pertenza ao partido; ou de calquera outra forma viole as obrigas que a todas e todos os membros do partido impoñen os presentes estatutos, será sancionada/o, previos os trámites regulamentarios e mediante decisión dos órganos competentes, con medidas que, en aplicación do réxime disciplinario, poderán chegar até a expulsión.

Artigo 9. Perda da condición de afiliada ou de afiliado.

1. As afiliadas e os afiliados do partido non poden prestar o seu apoio ou participar en manifestacións, actos ou calquera outra iniciativa política promovida por outras organizacións expresamente prohibidas polos órganos do partido ou cuxa convocatoria encerre contradición coas resolucións da Comisión Executiva Nacional Galega, dos comités e/ou congresos do partido.
2. A perda da condición de afiliada ou de afiliado producírase cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 9 dos Estatutos Federais.

CAPÍTULO II. DA MILITANCIA

Artigo 10. Da militancia.

1. As e os militantes do partido están adscritas/os a unha agrupación municipal a través da que exercen os seus dereitos e as súas obrigas, de acordo coa normativa do partido.
2. Son dereitos das e dos militantes os seguintes:
 - a) O dereito a recibir da organización a formación política ou técnica que mellor permita colaborar na loita polo socialismo e polo éxito desta nas tarefas que se lle encomenden.
 - b) O dereito a ser informada ou informado ao respecto da composición dos órganos directivos e de administración; a recibir, a través das canles orgánicas, información sobre as decisións adoptadas polos órganos do partido nos distintos niveis e, en xeral, sobre todas aquelas cuestións que afecten á vida interna do partido, á súa proxección externa e á súa actividade institucional.
 - c) O dereito a formar parte dos grupos socialistas que se formen ou existan e á libre expresión de ideas ou iniciativas no seu seo, sen prexuízo da obriga do cumprimento das decisións adoptadas polos órganos competentes do partido.
 - d) O dereito de discusión e crítica sobre posicións políticas propias e alleas mediante a libre expresión oral ou escrita e á súa libre comunicación dentro do partido.
 - e) O dereito a realizar manifestacións públicas, xuízos de valor e expresión de opinións, de forma libre, leal e responsablemente cos límites do respecto á dignidade das persoas, así como ás resolucións e acordos democraticamente adoptados polos órganos do partido, no marco das súas competencias estatutarias, sen causar prexuízo ou ir contra dos intereses electorais do partido.
 - f) O dereito ao sufraxio activo e á participación en todos os procesos electorais e orgánicos internos, nos termos que regulamentariamente se establezan para cada un deles.
 - g) O dereito ao control político das súas elixidas e dos seus elixidos e responsables, baseado nunha información veraz, na libre expresión, o respecto ás persoas e a subxección ao lugar e ao tempo regulamentariamente establecidos.

- h) O dereito á protección externa polo propio partido, fronte aos ataques inxustos; e á protección interna, mediante a actuación imparcial e equitativa dos órganos competentes.
 - i) O dereito á utilización dos medios materiais e humanos da organización para o cumprimento das súas obrigas e o exercicio dos seus dereitos, coa correspondente autorización dos órganos executivos da instancia da que se trate.
 - l) O dereito a concursar, en cantas ocasións se produzan, para cubrir postos de traballo remunerados da organización, que evitará a libre designación de persoas colaboradoras, funcionarias/os ou empregadas/os, agás nos postos de estrita confianza. Igualmente terase dereito a ser elixida/o membro de tribunais cualificadores ou de exame, no nivel correspondente, e a ser informada/o das convocatorias que ao efecto se realicen.
 - m) O dereito a participar nunha organización sectorial e desenvolver a militancia 2.0 nos termos regulamentariamente establecidos.
 - n) O dereito de iniciativa política que se configura como un dereito individual de exercicio colectivo e que se exercerá ante a respectiva comisión executiva ou ante os máximos órganos do partido entre congresos a nivel local (assemblea local), provincial (comité provincial), comarcal, autonómico (comité nacional), e federal (comité federal), conforme ás normas do partido. As iniciativas que conten co apoio dun mínimo do 20% das sinaturas da militancia do ámbito territorial respectivo do órgano ao que se dirixa a iniciativa serán de tratamento obrigado para este.
 - o) O dereito a impugnar os acordos adoptados polos órganos do partido que se estimen contrarios á lei ou aos presentes estatutos, a través dos procedementos internos establecidos.
 - p) O dereito a acudir, en defensa dos seus dereitos como afiliada ou afiliado, ante a Comisión Federal de Ética e Garantías e Réxime de Recursos ou ante calquera outro órgano do partido ao que se lle atribúa a defensa dos seu dereitos, e, en todo caso, esgotados estes, ante os xulgados e tribunais competentes.
3. Son deberes das e dos militantes os seguintes:
- a) O sentido da responsabilidade no traballo e en cantos ámbitos desenvolvan a súa actividade.
 - b) A defensa dos intereses xerais da organización, a declaración de principios, programa, resolucións e estatutos aprobados polos seus congresos, así como os acordos lexitimamente emanados dos seus órganos de dirección, non podendo pertencer a outra organización política diferente, nin agrupación de electores ou fundación ou asociación ou plataforma cidadá que defenda intereses contrarios ou en conflito cos do partido.
 - c) A solidariedade material e moral co resto da militancia da organización, o respecto ás súas opinións e posicións, ás súas persoas e á obrigada colaboración sen discriminación por razóns de distinta forma de concepción política.

- d) Cumprir os estatutos, o Código Ético, os regulamentos e demais normativa interna, así como acatar as resolucións, as directrices e as instrucións que, no exercicio das súas competencias, diten os órganos do partido.
 - e) As afiliadas e os afiliados do partido deberán actuar nalgún movemento social. En caso de actuar sindicalmente, deberán de facelo, preferentemente, na Unión Xeral de Traballadores. Na súa acción deberán aplicar e defender a estratexia do partido, decidida, en cada caso, polos órganos competentes.
 - f) A achega dos seus coñecementos e colaboración a cantos órganos e institucións do partido llo demanden.
 - g) A remisión, a través das canles orgánicas que se establezan, de canta información posúan en relación coas tarefas de organización.
 - h) A asistencia activa a cantos actos da vida orgánica e política convoque a organización.
 - i) A aceptación daqueles cometidos de representación política que democraticamente lle sexan requiridos ou executivamente designados, segundo os casos e agás circunstancia ou causa xustificada.
 - l) Comunicar os cambios de datos persoais e de afiliación, de acordo co establecido no regulamento federal.
 - m) A colaboración económica a través do abono das cotas obrigatorias mediante domiciliación bancaria.
 - n) Ser interventora/o ou apoderada/o nos diferentes procesos electorais.
 - o) A participación e colaboración na organización dos procesos de elección de candidatas e candidatos mediante o procedemento de eleccións primarias.
4. As e os militantes que deban máis de seis meses de cotización perderán a súa condición de membros do partido.

CAPÍTULO III. DA AFILIACIÓN DIRECTA

Artigo 11. Da afiliación directa.

1.As afiliadas/os directas/os adscritos ao PSdeG-PSOE son membros do partido, sen integrarse como militantes en ningunha agrupación municipal. Exercen os seus dereitos e obrigas no PSdeG-PSOE, de acordo coa normativa do partido.

2.As afiliadas/os directas/os teñen iguais dereitos que a militancia do PSdeG-PSOE, establecidos no artigo 10 destes estatutos. Por excepción, non poderán participar na elección das secretarías xerais e das comisións executivas municipais e provinciais. Si poderán participar directamente en todos os procesos nacionais de elección no PSdeG-PSOE.

3.As e os afiliadas/os directas/os teñen iguais deberes, obrigas e responsabilidades que os establecidos para militancia do PSdeG-PSOE no artigo 10 destes Estatutos.

4.As e os afiliadas/os directas/os que deban máis de seis meses de cotización perderán a súa condición de membros do partido.

CAPÍTULO IV. DAS E DOS SIMPATIZANTES

Artigo 12. Das e dos simpatizantes.

1. As e os simpatizantes do partido son aquelas persoas dispostas a colaborar e participar nas actividades do partido sen asumir as obrigas e deberes propios da militancia e das afiliadas e afiliados directos, senón as propias que se establecen neste artigo, asumindo un grao de implicación menor na organización do partido.
2. Ademais, as e os simpatizantes teñen iguais dereitos que os recollidos para a militancia nestes estatutos no artigo 10.2 a), e e) e os dereitos recoñecidos nas letras n), o) e p), exclusivamente naquelas cuestións que lles afecten na súa condición de simpatizantes. Ademais, recoñécelles o dereito a elixir nos procesos internos de elección de candidatos e candidatas nas distintas institucións representativas que se leven a cabo polo sistema de primarias abertas, cumprindo os requisitos e conforme ao procedemento determinado regulamentariamente.
3. As e os simpatizantes teñen iguais deberes, obrigas e responsabilidades que a militancia do PSdeG-PSOE, establecidos no artigo 10.3 destes estatutos, coa excepción dos establecidos no seu apartado i) e o disposto na letra n), agás no que respecta á súa participación nos procesos de primarias abertas como electoras e electores.
4. Perderase a condición de simpatizante polo desenvolvemento de calquera actividade contraria aos acordos, resolucións e actividades que adopte e leve a cabo o partido, así como polo incumprimento dos deberes, obrigas ou responsabilidades establecidas nos estatutos ou regulamentos do partido.

TÍTULO II. DAS ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS

Artigo 13. Das relacións do partido coa sociedade.

1. Coa finalidade de promover e favorecer as canles de comunicación e participación da cidadanía cos órganos executivos, de decisión e control e de coordinación e, para facilitar que as suxestións e propostas da cidadanía sexan incorporadas ao debate e resolucións do PSdeG-PSOE, o partido propiciará en todos os niveis da organización a participación en actividades e reunións de persoas, asociacións e colectivos en tarefas relacionadas coas materias propias da súa actuación e actividade na sociedade.
2. Os órganos do partido en Galicia, nos seus diferentes niveis, ademais das súas responsabilidades, competencias e obxectivos establecidos nas normas estatutarias e regulamentarias, deberán ser canles efectivas e fluídas de conexión coa cidadanía, dos que recollerán información, propostas e suxestións progresistas sobre temas de interese

sectorial, que contribúan á elaboración dos programas políticos e electorais do partido. Dende o PSdeG-PSOE potenciaranse as intervencións das e dos socialistas nos foros e faladoiros nos diferentes medios de comunicación.

Artigo 14. Convenios de colaboración de asociacións e colectivos.

1. O PSdeG-PSOE, poderá establecer convenios de colaboración coas asociacións culturais, xuvenís, profesionais, estudantís, ecoloxistas, recreativas, cooperativas, centros de estudos, organizacións técnicas e clubs de opinión ou similares que desenvolvan o seu labor no seo dos movementos sociais, do movemento cidadán; do mundo da cultura, investigación e da universidade, sempre que nin nos seus estatutos nin nos seus fins existan contradicións cos principios ideolóxicos e resolucións dos congresos do PSdeG-PSOE.
2. A colaboración política formalizarase mediante un convenio suscrito coa Comisión Executiva Nacional Galega no que se especificarán os deberes e os dereitos das organizacións colaboradoras.
3. Na primeira xuntanza que celebre o Comité Nacional Galego deberá pronunciarse sobre o convenio de colaboración, aprobándoo por maioría e informando aos distintos órganos territoriais. En calquera caso, poderase recorrer ante o órgano inmediatamente superior que tamén deberá decidir por maioría.

TÍTULO III. ESTRUTURA DO PSdeG-PSOE

CAPÍTULO I. ESTRUTURA XERAL

Artigo 15. Da estrutura do PSdeG-PSOE.

O PSdeG-PSOE artículase e estruturase sobre a base das agrupacións municipais, as agrupacións comarcais e as agrupacións provinciais.

Artigo 16. Principio de non contradición normativa.

Os estatutos, regulamentos e resolucións que se adopten nos congresos provinciais non poderán contradicir nin os Estatutos Federais nin os Estatutos Nacionais do partido, así como tampouco os acordos, resolucións e directrices adoptados polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional, pola Comisión Executiva Nacional Galega e polos órganos federais. Para que entren en vigor terán que ser sometidos á ratificación do Comité Nacional Galego.

Artigo 17. Da capacidade regulamentaria das organizacións do partido.

As organizacións do partido nos seus ámbitos poderán elaborar os seus propios regulamentos de funcionamento interno que non poderán contradicir as normas estatutarias e regulamentarias de rango superior e deberán ser ratificadas polo CNG e ser remitidas a todas as agrupacións municipais.

Artigo 18. Das actuacións dos órganos.

1. Calquera actuación dos órganos que integran o partido en Galicia que sexa considerada contraria ao establecido nos Estatutos Federais ou Nacionais do partido, aos acordos e resolucións da CENG ou do Comité Nacional Galego, poderá ser suspendida ou deixada sen efecto pola CENG, remitindo a resolución á primeira reunión que celebre o Comité Nacional Galego.

2. Cando a situación orgánica ou política dun determinado ámbito do partido en Galicia aconselle ou a actuación dun órgano dun determinado ámbito do partido en Galicia resultase contraria ao establecido nestes estatutos, ás resolucións emanadas do Congreso Nacional Galego, do Comité Nacional Galego ou da Comisión Executiva Nacional Galega, esta poderá adoptar as medidas que estime necesarias co fin de restaurar a normalidade, procedendo de acordo co establecido nos estatutos e demais normas do partido.

CAPÍTULO II. AGRUPACIÓNS MUNICIPAIS

Artigo 19. Das agrupacións municipais.

1. A agrupación municipal é a unidade básica de militancia do PSdeG-PSOE. O seu ámbito de actuación será o termo municipal e ten autonomía para resolver os asuntos específicos que lle son propios, no marco das normas do partido.
2. A agrupación municipal estará formada por aquelas/es militantes que estando ao corrente das cotas, estean domiciliados ou desenvolvan a súa actividade no termo municipal. En todo caso, poderán optar entre a agrupación que lle corresponda por residencia ou por lugar de traballo.
3. As e os militantes que trasladen a súa residencia de unha agrupación a outra, poderán solicitar o seu traslado na agrupación onde milita, acreditando documentalmente tal circunstancia. O traslado será automático, sempre e cando estea ao día na cotización ao partido e non estea afectado por ningunha actuación disciplinaria.
4. Ningunha nin ningún militante poderá exercer cargos orgánicos ou representativos noutra agrupación municipal que non sexa a do seu lugar de militancia.

Artigo 20. Das responsabilidades das agrupacións municipais.

É responsabilidade da agrupación municipal impulsar na súa circunscrición a política global do partido, executando as resolucións emanadas dos órganos superiores deste. Así mesmo, serán responsables do cumprimento das obrigas da militancia, de garantir a súa participación nas tarefas do partido e de facer respectar os seus dereitos.

Artigo 21. Da constitución de novas agrupacións municipais.

A constitución de novas agrupacións municipais corresponde á CENG, en coordinación coa CEP e a estrutura comarcal, para o que será preciso un número mínimo de cinco militantes.

Artigo 22. Dos libros e rexistros das agrupacións municipais.

En todas as agrupacións municipais existirá un libro de actas, un libro de contas e un libro de rexistro de entradas e saídas, dos que será responsable a Comisión Executiva Municipal e poderán ser fiscalizados pola CEP e pola CENG.

Artigo 23. Do asesoramento e defensa xurídica para as agrupacións municipais.

As agrupacións municipais terán asesoramento e defensa xurídica dentro das posibilidades e dispoñibilidades económicas do partido e, sempre, coa previa autorización da CENG.

Artigo 24. Dos órganos da agrupación municipal.

1. Os órganos da agrupación municipal son a Asemblea e a Comisión Executiva Municipal.
2. A Asemblea da Agrupación Municipal é o órgano máximo de decisión da agrupación. Está composta por todas e todos os militantes que forman parte desta.
3. Son funcións propias da Asemblea Municipal:
 - a) Elixir a Comisión Executiva Municipal e, no seu caso, as vacantes que se produzan, a proposta da Secretaría Xeral.
 - b) Elixir a delegación ao Congreso Nacional Galego e provincial, ao Comité Nacional Galego e ao comité provincial e, no caso de non existir suplentes, elixir as vacantes que se produzan.
 - c) Aplicar, no seu ámbito, as liñas de acción política xeral do partido e dos grupos socialistas nas distintas institucións, de acordo coas directrices marcadas polos órganos competentes.
 - d) Aprobar ou rexeitar a xestión da Comisión Executiva Municipal na derradeira asemblea anual ordinaria, así como o seu plan de traballo.
 - e) Aprobar os orzamentos ordinarios e extraordinarios da agrupación municipal e elevalos á estrutura.
 - f) Debater a xestión dos órganos nacionais e provinciais para os congresos galego e provincial, aprobándoa ou rexeitándoa, no seu caso.
 - g) Estudar o relatorio marco dos congresos galego e provincial, aprobando ou, no seu caso, rexeitando as emendas presentadas, que poden ser á totalidade ou parciais, sendo, neste caso, de adición, substitución ou supresión.
 - h) Colaborar na elaboración e aprobación do programa electoral municipal.
 - i) Aprobar as propostas de lista de candidatas e candidatos ás eleccións municipais.
 - l) Elaborar, se así o acorda, o proxecto de regulamento de funcionamento interno que, en última instancia, terá que ser ratificado polo Comité Nacional Galego.

- m) Facer as propostas que correspondan para cargos públicos e para os procesos electorais previstos na normativa reguladora dos cargos públicos.
- n) Aprobar as actas das súas reunións.
- o) Participar na estrutura comarcal do partido.

Artigo 25. Da Asemblea Municipal.

1. A Asemblea Municipal reunirse en sesión ordinaria, polo menos, unha vez cada seis meses e, extraordinariamente, cando o estime conveniente a Comisión Executiva Municipal ou cando o soliciten un terzo dos militantes da Agrupación, que farán constar na solicitude a orde do día da sesión.
2. Neste último caso, a Asemblea terase que celebrar nun prazo máximo de 15 días a partir da entrada do escrito da solicitude na Comisión Executiva Municipal. No caso de que non se cumprira cos prazos ou coa convocatoria, a CENG intervirá adoptando as medidas políticas e orgánicas que considere oportunas.

Artigo 26. Da Comisión Executiva Municipal.

1. A Comisión Executiva Municipal (CEM) é o órgano executivo da agrupación municipal que cumpre as resolucións da asemblea e aplica no ámbito municipal a política definida polos congresos, comités e conferencias correspondentes, aplicando os acordos e as políticas definidas polos órganos de nivel superior do partido.
2. A CEM é elixida pola Asemblea Municipal e responde das súas actuacións diante dela en reunións ordinarias que se convocarán, para este fin, cada seis meses. Actuará colexiadamente, con independencia das responsabilidades de cada un dos seus membros.

Artigo 27. Do tamaño e estrutura da CEM.

A Comisión Executiva Municipal ten que ser un órgano operativo, para o que debe adecuar o seu tamaño e estrutura ás necesidades da actividade política no seu ámbito.

Artigo 28. Da composición da CEM.

1. A Comisión Executiva Municipal comporase, como mínimo, de: Secretaría Xeral, Secretaría de Organización e Secretaría de Política Municipal.
2. Así mesmo, deberá contar coa áreas de Acción Electoral, de Administración e de Formación que poderán constituírse en secretarías de área independentes ou integrarse como áreas adscritas á Secretaría de Organización.
3. Na creación e composición das executivas municipais, para unha mellor coordinación do traballo a realizar polo conxunto da organización, teranse en conta as áreas existentes na CENG e na CEP.

4. Nas agrupacións nas que existan as Xuventudes Socialistas de Galicia, a/o súa/seu Secretaria/o Xeral participará nas reunións da Comisión Executiva Municipal, con voz e voto.
5. A/o portavoz do Grupo Municipal Socialistas será membro da CEM con voz e sen voto.

Artigo 29. Das reunións da CEM.

A Comisión Executiva Municipal celebrará as súas reunións coa periodicidade que ela mesma acorde e, polo menos, unha ao mes. Nas reunións ordinarias tratarase, ademais dos que se propoñan, os seguintes puntos:

1. Información sobre circulares, convocatorias e comunicados recibidos dos órganos superiores do partido.
2. Altas e baixas.
3. Situación económica da agrupación.
4. Actividade do grupo socialista no concello.

Artigo 30. Das funcións da CEM.

Son funcións específicas da Comisión Executiva Municipal:

- a) Tramitar as altas e baixas de afiliadas e afiliados e simpatizantes e comunicalo ao órgano que corresponda.
- b) Administrar en nome dos órganos nacionais os bens do partido a nivel municipal.
- c) Manter as relacións con outros grupos políticos e sindicais no seu ámbito.
- d) Organizar e dirixir as campañas electorais no seu ámbito, de acordo coa planificación xeral destas.
- e) Coordinar a actividade do grupo municipal socialista e dos cargos públicos adscritos á súa agrupación municipal.
- f) Convocar as asembleas ordinarias e extraordinarias, de acordo cos estatutos e normas do partido.
- g) Impulsar a creación da agrupación municipal das Xuventudes Socialistas de Galicia no seu termo municipal.
- h) Elaborar o programa anual de traballo, os orzamentos e o informe de xestión que serán presentados na última asemblea do ano.
- i) Coordinar a relación cas e cos simpatizantes, levando un rexistro destes e fomentando a súa incorporación ás actividades do partido.

Artigo 31. Das dimisións e vacantes na CEM.

1. A dimisión da/do secretaria/o xeral ou da metade máis un das ou dos seus membros, implica a dimisión de toda a Comisión Executiva Municipal. Neste caso procederase conforme ó previsto nas normas do partido.
2. No caso de vacantes por dimisión ou renuncia dalgún dos membros da Comisión Executiva Municipal, a Secretaría Xeral someterá a reorganización da Comisión Executiva Municipal e cobertura dos postos vacantes á aprobación da Asemblea Municipal.

CAPÍTULO III. AGRUPACIONES COMARCAIS

Artigo 32. Da estrutura comarcal.

1. O PSdeG recupera a súa tradicional estrutura comarcal. As bisbarras son as formas tradicionais de organización do territorio galego, situación recollida no Estatuto de Autonomía de Galicia. Esta estrutura permite ás agrupacións e grupos municipais manter formulacións conxuntas ou sinerxías positivas nas diferentes bisbarras. A CENG debe velar pola creación e funcionamento de dita estrutura.
2. En cada unha das comarcas establecidas na Disposición Final Primeira destes Estatutos constituirase unha Estrutura Comarcal, formada polas Agrupacións Municipais implantadas no seu ámbito territorial. A súa función será a de facilitar a coordinación entre a CENG e as Agrupacións Municipais para a realización, no seu ámbito, de actividades electorais políticas e institucionais, complementando así a tarefa das estruturas provinciais.

Artigo 33. Do funcionamento das agrupacións comarcais.

A CENG aprobará un regulamento de funcionamento das agrupacións comarcais, do que se dará conta no primeiro Comité Nacional Galego. En calquera caso, deberá garantirse a presenza das e dos representantes das agrupacións municipais implantadas no seu ámbito territorial e a participación real e efectiva da militancia, así como das XSG.

CAPÍTULO IV. AGRUPACIONES PROVINCIAIS

Artigo 34. Das agrupacións provinciais.

As agrupacións provinciais estarán constituídas polas agrupacións municipais.

Artigo 35. Das funcións das agrupacións provinciais.

A función das agrupacións provinciais é levar a cabo, no seu ámbito, a política xeral do partido, adaptada ás especificidades da provincia e aos problemas das e dos seus habitantes, de acordo coa política definida para o conxunto de Galicia polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional Galego e polas decisións que estime necesario adoptar a Comisión Executiva Nacional Galega, en concordancia cos estatutos do partido e coas normas e directrices emanadas dos órganos superiores do partido.

Artigo 36. Dos órganos das agrupacións provinciais.

Os órganos das agrupacións provinciais son: o Congreso Provincial, o Comité Provincial, a Comisión Executiva Provincial, a Comisión Provincial de Ética e Garantías e Réxime de Recursos e a Comisión Provincial de Listas.

Artigo 37. Do Congreso Provincial.

1. O Congreso Provincial é o máximo órgano político das agrupacións provinciais. Está formado polas delegadas e delegados elixidos/as para participar neste, de acordo co previsto nos estatutos e normas do partido.

2. A súa preparación e desenvolvemento rexeráse polos estatutos e normas do partido que resulten de aplicación e polo previsto no regulamento federal de congresos.
3. O Comité Provincial establecerá o número de delegadas e delegados que asistirán aos congresos provinciais, fomentando a participación da militancia para que as agrupacións municipais que cumpran os requisitos recollidos na normativa de aplicación, teñan, ao menos, unha ou un representante.

Artigo 38. Da convocatoria dos congresos provinciais.

1. Os catro congresos provinciais convocaranse con carácter ordinario entre o terceiro e cuarto ano dende a celebración do congreso ordinario anterior, sempre despois da celebración do Congreso Nacional Galego e reuniranse dentro do prazo dos noventa días seguintes á celebración deste último, salvo circunstancias especiais que xustifiquen a modificación excepcional deste prazo.
2. As súas funcións son as seguintes:
 - a) Adoptar, atendendo ás especificidades e problemáticas da provincia, as resolucións necesarias para aplicar no seu ámbito territorial as políticas definidas para o conxunto de Galicia polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional Galego e polas decisións adoptadas pola Comisión Executiva Nacional Galega, en concordancia cos estatutos do partido e coas normas e directrices emanadas dos órganos superiores do partido.
 - b) Debater e xulgar a xestión da Comisión Executiva Provincial e do Comité Provincial.
 - c) Elixir a Comisión Executiva Provincial, aos membros que correspondan do Comité Provincial e a Comisión Provincial de Ética e Garantías e Réxime de Recursos.

Artigo 39. Da ratificación da normativa e resolucións dos congresos provinciais.

Os estatutos, regulamentos e resolucións que se adopten nos congresos provinciais, non poderán contradicir os Estatutos Nacionais nin Federais, nin os acordos, resolucións e directrices adoptados polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional Galego, pola Comisión Executiva Nacional Galega e polos órganos federais e para súa plena entrada en vigor terán que ser ratificados polo Comité Nacional Galego.

Artigo 40. Do Comité Provincial.

O Comité Provincial é, entre congreso e congreso, o máximo órgano de dirección política do partido na provincia. Está constituído por:

1. Membros natos e natas:

- a) A Comisión Executiva Provincial.
- b) As e os membros da Comisión Provincial de Ética e Garantías e Réxime de Recursos, con voz pero sen voto.
- c) Unha representación das XSG na provincia, acorde cos estatutos do partido.
- d) As e os membros das Comisións Executivas Federal e Nacional que militen na provincia.

- e) As e os deputadas/os autonómicas/os socialistas que militen na provincia, con voz e sen voto.
- f) As e os deputadas/os e senadoras/es socialistas que militen na provincia con voz e sen voto.
- g) As e os parlamentarias/os europeas/os que militen na provincia, con voz e sen voto.
- h) A/o presidenta/e e/ou voceira/o socialista na Deputación Provincial.

2. Membros elixidas/os: as e os representantes elixidas/os de acordo co previsto no artigo 5.2 a) destes estatutos tendo en conta o censo de militantes válido para a celebración do Congreso Provincial e o baremo establecido para a celebración deste.

Artigo 41. Das competencias do Comité Provincial.

Son competencias do Comité Provincial:

- a) Adoptar as resolucións e os acordos necesarios, no marco do Congreso Provincial, para adaptar e aplicar no ámbito provincial as políticas, acordos e decisións adoptadas polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional Galego e pola CENG, en concordancia coas políticas e estatutos do partido e coas normas dos órganos superiores que os desenvolven.
- b) Aprobar o seu regulamento de funcionamento interno e o da CEP, así como as normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación dos estatutos aprobados no Congreso Provincial.
- c) Examinar e valorar a xestión da Comisión Executiva Provincial.
- d) Iniciar o proceso de revogación ou censura da Secretaría Xeral Provincial, que requirirá ser motivado e acordado, mediante votación secreta, por un mínimo do 51% de votos do Comité Provincial.
- e) Esixir que as actuacións dos cargos públicos do partido na provincia se adecúen aos modos de xestión socialistas.
- f) Impulsar as políticas a realizar polos grupos socialistas na deputación provincial e nos concellos da provincia, facendo un seguimento do labor dos seus gobernos.
- g) Cubrir as vacantes que se produzan na Comisión Executiva Provincial e na Comisión Provincial de Ética e Garantías e Réxime de Recursos.
- h) Aprobar, a proposta da Comisión Executiva Provincial, os orzamentos de funcionamento da estrutura provincial, así como a súa liquidación.
- i) Crear aquelas comisións de traballo que se estimen necesarias para o labor político a realizar no ámbito provincial. As propostas serán elevadas ao Pleno para sometelas á súa consideración e aprobación, se procede.
- l) Aprobar, no seu caso, as conclusións de xornadas ou seminarios realizados dende a estrutura provincial. As conclusións aprobadas terán carácter vinculante.

- m) Desempeñar as funcións que a normativa reguladora dos cargos públicos lle asigna na selección de candidatas e candidatos do partido nos diferentes procesos electorais nos que estea prevista a súa participación.
- n) Presentar e responder da súa xestión diante do Congreso Provincial.
- o) Convocar os congresos provinciais do partido que estatutariamente lle corresponda.
- p) Convocar, a proposta da CEP, as conferencias políticas e sectoriais a celebrar.
- q) Elixir as persoas encargadas do relatorio do congreso provincial e as encargadas de defender nel a xestión do Comité Provincial.
- r) Elixir a Comisión Provincial de Listas que se conformará cun mínimo de 10 e un máximo de 16 membros. Deberá estar formada por membros da Comisión Executiva Provincial e por membros do Comité Provincial. Estas/es últimas/os deberán ser maioría dentro da Comisión. A Comisión Provincial de Listas deberá ser aprobada na primeira xuntanza do Comité Provincial despois do Congreso Provincial.
- s) Someter a aprobación as cotas extraordinarias e/ou complementarias que propoña a CEP.
- t) Elixir as/os catro representantes do Comité Provincial na Comisión de Garantías Electorais Provinciais, a proposta da CEP.
- u) Fixar, no seu caso, as cotas provinciais de altos cargos e asimilados no ámbito provincial.
- v) Nomear dúas/dous membros do Comité Provincial para participar na comisión que realiza o sorteo entre todas/os as/os delegadas e delegados para nomear tres membros da Comisión de Credenciais dos congresos provinciais.
- x) Aprobar a cobertura de vacantes na Comisión Executiva Provincial, previa proposta da Secretaría Xeral, debendo figurar na proposta da orde do día para poder ser votada no Comité Provincial.
- z) Todas as demais competencias que lle veñan asignadas polos estatutos federais, nacionais e provinciais ou polas normas ditadas para o seu desenvolvemento e interpretación.

Artigo 42. Das xuntanzas do Comité Provincial.

1. O Comité Provincial reunirse ordinariamente, polo menos, cada catro meses, sendo convocado pola Comisión Executiva Provincial, cunha antelación mínima de dez días.
2. Con carácter extraordinario, poderá ser convocado pola Comisión Executiva Provincial, coa urxencia que requira o caso, ou a solicitude de, polo menos, un terzo das persoas que o compoñen. Neste último caso, a Comisión Executiva Provincial deberá convocar o Comité Provincial o antes posible e sempre antes de que transcorran dez días, contados a partir da data de solicitude coa orde do día proposta polas persoas solicitantes.

3. O Comité Provincial quedará validamente constituído, en primeira convocatoria, cando concorran máis da metade das persoas que o integran e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, coas que estean presentes.
4. As decisións do Comité Provincial adoptaranse por maioría simple das e dos presentes, agás nos casos en que estatutariamente se esixa unha maioría cualificada. Nestes casos, para que as decisións sexan válidas, deberán concorrer á reunión, polo menos, os dous terzos das e dos integrantes do Comité Provincial.

Artigo 43. Das vacantes no Comité Provincial.

As vacantes que se produzan entre os membros do Comité Provincial serán cubertas polos órganos que os elixisen, agás no caso dos membros escollidos polo Congreso Provincial que se cubrirán polo Comité Provincial, a proposta da CEP.

Artigo 44. Da Comisión Executiva Provincial.

O órgano executivo das agrupacións provinciais é a Comisión Executiva Provincial (CEP) que aplica e desenvolve no ámbito da provincia as resolucións dos congresos provinciais, do Congreso Nacional Galego e do Congreso Federal, as políticas definidas para o conxunto de Galicia polo Congreso Nacional Galego, polo Comité Nacional Galego e pola Comisión Executiva Nacional Galega, en concordancia cos estatutos do partido e coas normas e directrices emanadas dos órganos superiores do partido, levando a cabo as iniciativas necesarias para facer fronte aos problemas da cidadanía, tendo en conta as especificidades da provincia.

Artigo 45. Das funcións da CEP.

Son funcións da Comisión Executiva Provincial:

- a) A organización, en coordinación coa CENG, do funcionamento da estrutura orgánica provincial do partido no ámbito da agrupación provincial.
- b) A administración, conservación e defensa dos bens do partido na provincia, de acordo co establecido nos Estatutos Federais e Nacionais do partido e normas de desenvolvemento.
- c) A relación cos outros grupos políticos e sociais de ámbito provincial.
- d) A realización de cantas actividades sexan necesarias para o cumprimento dos obxectivos políticos do partido na provincia.
- e) O seguimento do labor dos gobernos da Deputación Provincial e dos concellos da provincia.
- f) Apoiar a acción política dos gobernos socialistas na provincia para o cumprimento dos programas electorais cos que concorre o partido ás eleccións e para colaborar na súa explicación á cidadanía e á opinión pública.
- g) Constituír no seu seo comisións para asuntos específicos, podendo delegar facultades de decisión sobre estes.

- h) Propoñer á CENG iniciativas e propostas, dende a perspectiva provincial, para a elaboración dos programas electorais.
- i) O apoio e seguimento das actuacións das e dos representantes do partido nas institucións públicas provinciais, interpretando e valorando se as súas actuacións se axustan ó cumprimento dos obxectivos establecidos e aos modos de xestión socialista.
- l) Colaborar coa CENG e coas agrupacións comarcais na constitución das agrupacións municipais e vertebrar a estrutura orgánica do partido na provincia.
- m) Coordinar, de acordo coa CENG, as tarefas políticas na provincia, definindo proxectos, prioridades e avaliando a consecución de obxectivos.
- n) Nomear e constituír un Comité Electoral Provincial nas distintas convocatorias electorais.
- o) Executar e responsabilizarse do cumprimento dos acordos adoptados polo Congreso Provincial, o Comité Provincial e os órganos superiores do partido.
- p) Acordar, en coordinación coa CENG, e propoñer ao Comité Provincial a realización das conferencias políticas e sectoriais provinciais que se estimen necesarias para a acción política do partido na provincia.
- q) Elaborar e presentar, no primeiro trimestre de cada exercicio, os orzamentos provinciais do partido ante o Comité Provincial e a súa liquidación no final de ano.
- r) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento.
- s) Levar a cabo as actuacións que, en aplicación da normativa reguladora dos cargos públicos, lle correspondan en relación coa selección de candidatas e candidatos do partido nos diversos procesos electorais.
- t) Propoñer os nomes das e dos membros da Comisión de Garantías Electorais Provinciais para a súa aprobación polo Comité Provincial.
- u) Propoñer, de acordo coa CENG, cotas extraordinarias e/ou complementarias para a súa aprobación polo Comité Provincial.
- v) Contribuír á resolución dos conflitos internos que xurdan no ámbito provincial.
- x) Impulsar a creación, funcionamento e coordinación das organizacións sectoriais provinciais.
- z) Realizar as campañas electorais no ámbito provincial, de acordo coas directrices e decisións dos órganos federais e nacionais do partido.
- aa) Instruír, no seu caso, os expedientes disciplinarios nos que sexa competente de acordo cos estatutos e normas do partido.
- bb) Acordar as convocatorias e a orde do día das reunións do Comité Provincial.

- cc) Propoñer ao Comité Provincial a convocatoria do Congreso Provincial ordinario e, no seu caso, convocar o Congreso Provincial extraordinario.
- dd) Realizar calquera outra función prevista nos estatutos aprobados no Congreso Provincial e nos estatutos, normas e resolucións dos órganos superiores de dirección do partido.
- ee) Aprobar, a proposta da Secretaría Xeral, a cobertura de vacantes na propia Comisión Executiva Provincial que deberá ser sometida a votación no Comité Provincial.

Artigo 46. Das xuntanzas da CEP.

1. A Comisión Executiva Provincial reunirase coa frecuencia que ela mesma acorde. Será convocada polo secretario/a xeral ou a petición, por escrito, dun terzo das persoas que a compoñen. As súas decisións adóptanse por maioría simple das e dos membros presentes. Para que estas teñan validez requírese que todas/os as/os membros foran notificadas/os da reunión e o quórum da maioría simple.
2. Funcionará en pleno ou permanente, en función do establecido no seu regulamento de funcionamento que deberá ser aprobado polo Comité Provincial e ratificado polo Comité Nacional Galego.
3. A Comisión Executiva Provincial poderá constituír no seu seo comisións para asuntos específicos nos que delegue a facultade de decidir sobre estes. A tales efectos aprobará as normas que estime convenientes.

Artigo 47. Composición CEP.

1. A Comisión Executiva Provincial estará composta polos cargos e persoas que integren a candidatura que resulte elixida polo Congreso Provincial.
2. Co fin de facilitar o funcionamento coordinado coa CENG e conseguir a maior eficacia posible nas políticas e actividade a realizar polo Partido no conxunto de Galicia, procurarase que a composición das Comisións Executivas elixidas polos Congresos Provinciais se adapte ao organigrama adoptado polo Congreso Nacional para a Comisión Executiva Nacional Galega.
3. Tamén formarán parte da Comisión Executiva Provincial, con voz e voto:
 - a) A/o presidenta/e da Deputación Provincial, se ostenta o cargo unha ou un socialista. De non ser así a representación corresponderíalle á ou ao voceira/o socialista do grupo provincial.
 - b) Unha/Un representante nomeada/o polas Xuventudes Socialistas de Galicia.
 - c) A/o coordinador/a de cada unha das comarcas do partido elixida/o polas agrupacións que a conforman.

Artigo 48. Das actuacións contrarias á normativa dos órganos provinciais.

Calquera actuación dos órganos do ámbito provincial que sexa considerada contraria ao establecido nos Estatutos Federais ou Nacionais do partido, aos acordos e resolucións da

CENG ou do Comité Nacional Galego poderá ser suspendida ou deixada sen efecto pola CENG, remitindo a resolución á primeira reunión que celebre o Comité Nacional Galego.

Artigo 49. Dos convenios con asociacións e colectivos no ámbito provincial.

Os convenios con asociacións e colectivos que, no seu caso, se realicen no ámbito provincial deberán formalizarse ao abeiro do establecido pola CENG.

Artigo 50. Coordinación coas estruturas provinciais e comarcais.

A CENG establecerá os mecanismos necesarios para garantir a organización e funcionamento coordinado coas estruturas provinciais e comarcais do partido, así como para planificar a realización de actos e actividades políticas.

TÍTULO IV. ÓRGANOS NACIONAIS DO PSdeG-PSOE

Artigo 51. Dos órganos nacionais do PSdeG-PSOE.

Os órganos do partido a nivel nacional son: o Congreso Nacional Galego (CN), o Comité Nacional Galego (CNG), a Comisión Executiva Nacional Galega (CENG), a Comisión Nacional de Listas (CNL) e a Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos (CNEGRR).

CAPÍTULO I. CONGRESO NACIONAL GALEGO

Artigo 52. Do Congreso Nacional Galego.

1. O Congreso Nacional Galego é o órgano supremo e soberano do PSdeG-PSOE. Está integrado polas delegadas e delegados elixidas/os nas agrupacións municipais. As e os membros da Comisión Executiva Nacional Galega non poderán ser delegadas ou delegados polo seu ámbito. O seu desenvolvemento axustarase ao establecido no Regulamento Federal de Congresos e aos presentes estatutos.
2. O Congreso Nacional Galego será convocado polo Comité Nacional Galego, quen determinará as datas e lugar de reunión, polo menos con 60 días de antelación. Enviarase a todas as agrupacións unha proposta de orde do día provisional e un relatorio-marco elaborados polo Comité Nacional Galego, xunto coas memorias de xestión do Comité Nacional Galego, a Comisión Executiva Nacional Galega e a Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos. O relatorio marco será remitido ás agrupacións municipais, como mínimo, quince días antes da celebración das Asembleas Municipais.
3. As agrupacións municipais disporán dun máximo de 10 días para formular suxestións á orde do día, presentar proposicións, emendas parciais ou relatorios alternativos sobre materias de calquera natureza, tanto se figuran incluídas no relatorio-marco como se non, sempre que teñan un mínimo do 30 por 100 de apoio na respectiva asemblea.

4. Sete días antes da data fixada para a celebración do Congreso Nacional Galego, o Comité Nacional Galego, a través da Comisión Executiva Nacional Galega, enviará a todas as agrupacións municipais e delegadas/os elixidas/os para o Congreso Nacional Galego, unha memoria con todas as emendas e proposicións recibidas.
5. O número de delegadas e delegados poderá oscilar entre 500 e 1000 e será establecido polo CNG en función do censo de militantes válido para a celebración do congreso que corresponda.
6. Unha vez convocado o congreso polo CNG, as/os militantes que se dean de alta no partido non terán dereito a ser nin electoras/es nin elixibles no proceso de elección das delegacións ao congreso.
7. O CNG, a través da CENG, enviará, coa antelación fixada polo propio Comité Nacional Galego para a celebración do CN, ás agrupacións municipais e ás delegacións elixidas para o congreso, unha memoria con todas as emendas e proposicións recibidas. As agrupacións deberán notificalo á militancia.
8. Tanto as resolucións do Congreso Nacional Galego, coma o resultado das conferencias sobre política sectorial serán editadas pola dirección do partido que se responsabilizará do seu envío aos órganos das distintas estruturas do partido.

Artigo 53. Das e dos participantes no Congreso Nacional Galego.

1. As agrupacións municipais elixirán ás súas delegacións ao Congreso Nacional Galego nunha sesión extraordinaria convocada ao efecto.
2. Participará unha delegación das XSG, con voz e voto, cun número de delegadas e delegados que se determinará en base ao seu censo de afiliación regularizado segundo o procedemento establecido para o censo do partido, baixo a supervisión da Secretaría de Organización do PSOE e ao baremo aplicado polo partido. Ao respecto, a Secretaría de Organización do PSOE e das JSE emitirán o oportuno certificado. En todo caso, a representación das XSG será, como mínimo, do 2% e, como máximo, do 5% das e dos representantes no congreso.
3. Para un maior enriquecemento do debate e das resolucións de políticas sectoriais poden participar nos debates das comisións ou do pleno, con voz e sen voto, achegando análises e propostas as e os representantes de movementos asociativos e de colectivos progresistas que a CENG ou o CNG consideren de interese para o mellor desenvolvemento dos obxectivos do partido.
4. As e os membros do CNG poderán participar no Congreso Nacional Galego con voz, pero sen voto.

Artigo 54. Do Congreso Nacional Galego.

1. O Congreso Nacional Galego réunese ordinariamente entre o terceiro e o cuarto ano dende a celebración do congreso anterior, agás que circunstancias especiais de interese político ou orgánico aconsellen a modificación desta previsión temporal e, extraordinariamente, cando o convoque o CNG, a CENG ou a metade máis unha das e dos militantes.

2. O Congreso Nacional define os principios e fixa os programas do partido, establece a liña política deste e sinala a súa estratexia, adaptando as resolucións de nivel federal á peculiaridade da nacionalidade galega.
3. O Congreso Nacional Galego debate e xulga a xestión da Comisión Executiva Nacional Galega, do Comité Nacional Galego e da Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos.
4. O Congreso Nacional Galego elixe a Comisión Executiva Nacional Galega, as e os membros do Comité Nacional Galego, a Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos e ás e aos membros do Comité Federal que correspondan.
5. Adopta resolucións e resolve sobre calquera outra materia, sempre que non entre en contradicións cos estatutos e resolucións federais.

Artigo 55. Das votacións no Congreso Nacional.

1. A elección da mesa e da Comisión Electoral, así como a votación das resolucións, ditames e acordos, realizarase mediante voto individual e público dos/das delegados/as.
2. A votación da xestión da CENG, do CNG e da Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos realizarase mediante o voto individual e público das/dos delegadas e delegados.
3. A CENG será elixida de acordo co previsto no artigo 5.1 b) dos presentes Estatutos:
 - a) A elección da Secretaría Xeral, de acordo co establecido no artigo 5.1 b), mediante o sistema de primarias, por voto individual, directo e secreto da militancia do PSdeG-PSOE e, no seu caso, das afiliadas e afiliados directos que teñan plenos dereitos políticos conforme ao regulado nas normas do partido.
 - b) A elección do resto de membros que integran a CENG realízase mediante sistema maioritario, por voto individual, directo e secreto das delegadas e dos delegados, previa presentación, pola/o secretaria/o xeral electa/o, á Comisión Electoral da correspondente lista.
4. A elección da Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos realizarase mediante sistema de voto maioritario en votación individual e secreta das delegadas e delegados, previa presentación das candidaturas á Comisión Electoral, en listas paritarias, completas, pechadas e bloqueadas.
5. A elección polo congreso, das e dos membros do CNG, e das e dos membros do Comité Federal, realizarase mediante votación individual e secreta das e dos delegadas/os, previa presentación das candidaturas á Comisión Electoral en listas paritarias, completas, pechadas e bloqueadas.
6. Todas as delegadas e delegados teñen voz e voto no debate do relatorio. Calquera emenda que conte, ao menos, co 30% dos votos das/dos delegadas/os inscritas/os na súa respectiva comisión poderá ser defendida no plenario.

Artigo 56. Do Congreso Nacional Galego extraordinario.

1. Cando circunstancias especiais aconsellen a convocatoria dun Congreso Nacional Galego extraordinario ou cando proceda convocalo para tratar sobre algún tema específico non será preciso atender aos prazos establecidos no artigo anterior.
2. O Congreso Nacional Galego de carácter extraordinario poderá ser convocado polo Comité Nacional Galego ou pola Comisión Executiva Nacional Galega e, preceptivamente, cando o pidan a metade máis un das e dos militantes. O órgano convocante determinará a data e lugar da xuntanza, así como os puntos da orde do día.
3. O Congreso Nacional Galego de carácter extraordinario soamente pode adoptar resolucións sobre as materias previstas na orde do día da convocatoria.

CAPÍTULO II. COMITÉ NACIONAL GALEGO

Artigo 57. Do Comité Nacional Galego.

1. O Comité Nacional Galego é o órgano máximo de dirección política entre congresos. Está constituído por:

1.1 Membros natos/as:

- a) A Comisión Executiva Nacional Galega.
- b) As e os representantes do PSdeG-PSOE no Comité Federal.
- c) As e os membros da Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos, con voz pero sen voto.
- d) A/o presidente/a da Xunta de Galicia, cando o PSdeG-PSOE asuma a responsabilidade do Goberno e sexa militante.
- e) Unha representación das XSG, acorde co previsto nos estatutos do partido.
- f) A/o voceira/o do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.
- g) As e os deputadas/os autonómicas/os socialistas, sempre que sexan militantes do partido, con voz e sen voto.
- h) As e os deputadas/os senadoras/os socialistas, sempre que sexan militantes do partido, con voz e sen voto.
- i) As e os parlamentarios/as europeas/os do PSdeG-PSOE, sempre que sexan militantes do partido, con voz e sen voto.
- l) As/os presidenta/es ou voceiras/os socialistas nas deputacións provinciais.
- m) A/o presidenta/e da FEGAMP, sempre que sexa militante, e no seu defecto, aquel membro do PSdeG-PSOE que ostente o cargo de maior relevancia na comisión executiva deste organismo.
- n) As e os representantes dos colectivos asociados ao PSdeG-PSOE, segundo o convenio asinado, sempre que nos convenios non se especifique o contrario.
- o) As e os exsecretarias/os xerais e expresidentas/es autonómicos do PSdeG-PSOE, sempre que sexan militantes.
- p) As e os ministras/os galegas/os no Goberno de España, sempre que sexan militantes.
- q) A/o delegada/o do goberno en Galicia, sempre que sexa militante.

1.2. Membros elixidos/as: a elección das e dos membros do Comité Nacional Galego realizarase nun 50% no Congreso Nacional Galego e nun 50% por parte da militancia a

- través das agrupacións municipais ou intermunicipais, segundo corresponda, nun proceso que convocará a Comisión Executiva Nacional Galega antes de que se constitúa o Comité Nacional Galego.
2. Cada membro do Comité Nacional Galego poderá ser revogado en todo momento por causas xustificadas e co informe favorable da Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos, pola instancia que o elixiu, garantindo o respecto das minorías, se fora o caso.
 3. As e os membros do Comité Nacional están obrigadas/os a informar, regularmente, aos órganos que os elixiron, dos debates e resolucións adoptados por este.
 4. As ausencias reiteradas, así como as inxustificadas das/dos membros do CNG serán comunicadas ás agrupacións municipais respectivas para que estas procedan, segundo entendan conveniente, á súa substitución.

Artigo 58. Competencias do Comité Nacional Galego.

Son competencias do Comité Nacional Galego (CNG):

- a) Convocar o Congreso Nacional Galego do partido.
- b) Elixir as e os membros do CNG que formarán conxuntamente cas/cos membros da CENG, nomeadas/os ao efecto, a comisión de redacción do relatorio marco do Congreso Nacional Galego.
- c) Definir a política do partido entre congreso e congreso, sempre en consonancia coas resolucións do congreso anterior.
- d) Iniciar o proceso de revogación ou censura da Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE, que requirirá ser motivado e acordado, mediante votación secreta, por un mínimo do 51% dos votos do Comité Nacional Galego.
- e) Elaborar e aprobar o programa electoral de Galicia.
- f) Realizar o seguimento do labor político do goberno galego e do seu desenvolvemento lexislativo e normativo.
- g) Garantir que os modos de xestión dos cargos públicos se adecúen aos modos de xestión socialista.
- h) Aprobar o regulamento de funcionamento interno do propio CNG.
- i) Aprobar os regulamentos internos dos diversos órganos de todos os niveis organizativos, así como os estatutos das catro organizacións provinciais.
- l) Recadar a información das e dos representantes do partido no Comité Federal.
- m) Aprobar os orzamentos ordinarios e extraordinarios do partido a proposta da CENG e ser informado das variacións patrimoniais que se teñan producido.
- n) Cubrir as vacantes que se produzan na CENG e na Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos.
- o) Dar conta da súa xestión ao congreso, para o que elixirá unha comisión de tres das/dos membros electas/os.
- p) Elección de dúas/dous membros do CNG para formar parte da comisión de selección de tres delegadas/os para a Comisión de Credenciais.
- q) Cubrir as vacantes do PSdeG-PSOE no Comité Federal que puideran producirse.
- r) Aprobar, no seu caso, as conclusións das xornadas ou seminarios que se convoquen para desenvolver a liña política do partido. As conclusións aprobadas terán carácter vinculante.
- s) Determinar a política de alianzas do partido e dirimir as discrepancias entre as agrupacións nesta materia.

- t) Aprobar o regulamento do Congreso Nacional Galego.
- u) Aprobar, a proposta da CENG, os regulamentos dos distintos órganos territoriais.
- v) Ratificar a/o candidata/o á Presidencia da Xunta de Galicia.
- x) Ratificar a proposta de candidaturas electorais ao Congreso dos Deputados e ao Senado, que lle sexan presentadas pola CENG, previo ditame da Comisión Nacional de Listas.
- z) Ratificar a proposta de candidaturas electorais ao Parlamento de Galicia, que lle sexan presentadas pola CENG, previo ditame da Comisión Nacional de Listas.
- aa) Ratificar a proposta de candidatos/as a incluír na candidatura electoral do PSOE ao parlamento europeo, que lle sexan presentadas pola CENG, previo ditame da Comisión Nacional de Listas.
- bb) Ratificar a proposta de candidatos/as á Presidencia das catro Deputacións Provinciais galegas, que lle sexan presentadas pola CENG, previo ditame da Comisión Nacional de Listas.
- cc) Ratificar a proposta de candidaturas electorais para as eleccións municipais na totalidade dos concellos galegos, que lle sexan presentadas pola CENG, previo ditame da Comisión Nacional de Listas.
- dd) Elixir, na súa primeira reunión despois do congreso, os e as membros da Comisión Nacional de Listas que lle corresponden.
- ee) Fixar as cotas especiais de altos cargos e asimilados, así como as cotas extraordinarias e revisar anualmente as cotas mínimas por militante.
- ff) Nomear a Comisión Xestora que resulte da aplicación do procedemento previsto no artigo 6.1 a) dos presentes Estatutos.

Artigo 59. Das xuntanzas do Comité Nacional Galego.

1. O Comité Nacional Galego reúnese, de forma ordinaria, sendo convocado pola CENG, polo menos, dúas veces ao ano. No derradeiro CNG de cada ano, a CENG, renderá conta da xestión realizada ao longo do mesmo.
2. O Comité Nacional Galego pode ser convocado con carácter extraordinario cando o xulgue conveniente a CENG ou o soliciten, ao menos, un terzo das/dos súas/seus compoñentes.
3. As sesións ordinarias deberán ser convocadas, polo menos, con 5 días de antelación.
4. As sesións extraordinarias serán convocadas coa urxencia que requira o caso e os acordos recaídos serán válidos, sempre que foran convocados por escrito todas/os as/os súas/seus membros e os acordos se adopten pola maioría simple das e dos presentes.
5. Cando se produzan vacantes entre as e os membros do CNG procederase a unha nova elección polas instancias correspondentes, agás no caso das e dos membros elixidas/os polo Congreso Nacional Galego que se cubrirán polo Comité Nacional Galego, a proposta da CENG.

CAPÍTULO III. COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL GALEGA

Artigo 60. Da Comisión Executiva Nacional Galega.

- a. A Comisión Executiva Nacional Galega (CENG) realiza no ámbito de Galicia a política definida polos órganos de dirección do partido, o Congreso Nacional Galego e o Comité Nacional Galego, adoptando con este fin cantas decisións estime necesarias, sempre de acordo coas normas e directrices emanadas daqueles.
- b. A CENG é o órgano de dirección política do PSdeG-PSOE. Fixa a estratexia e a liña política a seguir no conxunto das institución do noso país.
- c. A CENG exerce a coordinación política e organizativa no conxunto do territorio galego, contando coa cooperación dos órganos provinciais, comarcais e locais para o desenvolvemento das políticas territoriais e organizativas, así como sobre os cargos institucionais do partido.

Artigo 61. Funcións da CENG.

Son funcións específicas da CENG:

- a) A organización da vida interna do partido.
- b) As relacións con outros grupos políticos galegos e a militancia socialista galega na emigración.
- c) Facer un seguimento do censo de afiliadas/os e simpatizantes do partido facilitado polo DFAC.
- d) A administración dos bens do partido.
- e) A realización de cantas actividades sexan necesarias en todos os eidos para o cumprimento dos fins do partido.
- f) Realizar o seguimento político do labor do goberno galego e o desenvolvemento legislativo no seu ámbito.
- g) Garantir, en última instancia, o seguimento da actuación das e dos representantes do partido nas institucións públicas, interpretando e valorando se a súa actuación se axusta ao cumprimento dos obxectivos fixados.
- h) Establecer as fórmulas máis axeitadas para asegurar, en todo momento, a coordinación das liñas de acción política realizadas dende as distintas esferas onde actúan as e os socialistas, analizando e definindo previamente as prioridades políticas marcadas polas/os socialistas.
- i) Organizar e dirixir as campañas electorais a nivel galego, de acordo coas directrices marcadas polo Comité Nacional Galego; e coordinar e adaptar á realidade galega as campañas para as eleccións legislativas do estado, de acordo coa planificación xeral destas.
- j) Organizar e promover a formación das e dos militantes.
- k) Promover a edición das publicacións periódicas oficiais do partido.
- l) O apoio ao desenvolvemento da acción política das e dos socialistas no goberno e a colaboración na súa explicación á opinión pública.
- m) Presentar os orzamentos do partido ao CNG nos tres primeiros meses de cada exercicio.
- n) Propoñer ao Comité Nacional Galego a/o candidata/o á Presidente/a da Xunta.
- o) Propoñer á Comisión Federal de Listas o/a candidato/a á presidencia das catro deputacións provinciais.

- p) Designar as e os compañeiras e compañeiros que formarán parte da Mesa do Parlamento Galego, así como a/o voceira/o e as/os compañeiras/os que formarán parte da Dirección do Grupo Parlamentario Socialista.
- q) Designar ao compañeiro ou á compañeira para a presidencia ou vicepresidencia, no seu caso, da FEGAMP.
- r) Convocar as conferencias sectoriais que crea conveniente e seguir a través das diversas secretarías a actividade sectorial do partido.
- s) Asumir cantas funcións lle correspondan polos estatutos do partido e a normativa que os desenvolve.

Artigo 62. Das xuntanzas da CENG.

- 1. A CENG xuntarase coa frecuencia que por si mesma acorde no regulamento de funcionamento que se aprobará no primeiro mes de mandato da Comisión Executiva Nacional Galega.
- 2. A proposta da Secretaría Xeral, a CENG establecerá o seu réxime de funcionamento.
- 3. A CENG funcionará en pleno ou permanente en función do que sinale o seu regulamento de funcionamento interno.
- 4. A convocatoria das reunións da CENG corresponderá á Secretaría de Organización, establecendo a correspondente orde do día e data da súa celebración, de común acordo coa Secretaría Xeral cunha antelación mínima de 5 días, salvo motivos de urxencia. Poderán incluírse puntos na orde do día cando o solicite a maioría das persoas que a compoñen e sempre que se presenten ante a Secretaría de Organización con 48h de antelación.
- 5. As deliberacións da CENG son reservadas. Faranse constar na acta os votos particulares que houbera sobre as decisións recaídas.
- 6. A responsabilidade da CENG é colexiada, o que non exime ás persoas que a compoñen da propia responsabilidade no desempeño das súas funcións.
- 7. O cese das e dos membros da CENG poderá producirse a petición propia ou por resolución do CNG. As vacantes ou cambios nas áreas de responsabilidade que se teñan producido na CENG serán cubertas ou realizadas a proposta da Secretaría Xeral e aprobadas polo CNG.

Artigo 63. Das e dos integrantes da CENG.

- 1. A Comisión Executiva Nacional Galega é elixida directamente pola maioría simple dos votos representados no Congreso e está composta por:
 - Presidencia
 - Secretaría Xeral
 - Vicesecretaría Xeral
 - Secretaría de Organización
 - Secretaría de área de Políticas Sociais
 - Secretaría de Igualdade
 - Secretaría da área de Política Municipal

- Secretaría de Relacións Institucionais
- Secretaría da área de Política Económica
- Secretaría de Infraestrutura e Territorio
- Secretaría de Ciencia, Universidade e Transformación Dixital
- Secretaría de Educación
- Secretaría de Cultura
- Secretaría de Servizos Sociais e Dependencia
- Secretaría de Sanidade
- Secretaría de Apoio Técnico e Portavocía
- Secretaría de Emprego
- Secretaría de Participación, Redes Sociais e Comunicación
- Secretaría de Relacións coa Unión Europea
- Secretaría de Administración
- Secretaría de Reto Demográfico
- Secretaría de Estratexia, Análise e Prospectiva
- Secretaría de Emprendemento e Dinamización Económica
- Secretaría de Municipal de menos de 5.000 habitantes
- Secretaría de Municipal de menos de 10.000 habitantes
- Secretaría de Municipal de menos de 15.000 habitantes
- Secretaría de Municipal de menos de 20.000 habitantes
- Secretaría de Planificación Estratéxica Local
- Secretaría de Acción Electoral
- Secretaría de Deporte e Políticas Saudables
- Secretaría de Política Industrial e Transición Enerxética
- Secretaría de Traballadores e Traballadoras Autónomas
- Secretaría de Desenvolvemento Rural
- Secretaría de Pesca
- Secretaría de Galeguidade
- Secretaría de Relacións co Asociacionismo
- Secretaría de Dereitos LGTBI
- Secretaría de Seguridade e Emerxencias
- Secretaría de Función Pública
- Secretaría de Área de Maiores
- Secretaría de Coordinación Xurídica
- Secretaría de Plans de Cooperación Local
- Secretaría de Urbanismo e Vivenda
- Secretaría de Coordinación Parlamentaria
- Secretaría de Estudos e Proxectos
- Secretaría de Medio Ambiente
- Secretaría de Xustiza
- 11 secretarias executivas

2. Participarán nas reunións da CENG:

- a) As/os catro secretarias/os xerais provinciais.
- b) A/o presidenta/e ou voceira/o do Grupo Parlamentario Socialista.

- c) A/o secretaria/o xeral das XSG, nos termos establecidos no artigo 110.1 destes Estatutos.
- d) Unha/un ministra/o en representación das/dos ministras/os galegas/os, cando o PSOE governe no estado e sempre que sexa militante.
- e) A/o presidenta/e ou vicepresidenta/e, no seu caso, da FEGAMP, sempre que sexa militante.
- f) As/os presidentas/es das deputacións provinciais cando a presidencia sexa do partido e sempre que sexan militantes.
- g) A/o delegada/o do goberno en Galicia, sempre que sexa militante.

Artigo 64. Da Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE.

1. A Secretaría Xeral coordina a política e a estratexia do partido. É a/o voceira/o cualificada/o da CENG. Ostenta a representación do partido e coordina os traballos da CENG.
2. No caso de que a/o secretaria/o xeral asuma funcións no goberno da Xunta de Galicia poderá delegar nunha/nun membro da CENG as seguintes funcións:
 - a) A coordinación efectiva do traballo interno e externo do partido a nivel executivo, potenciando este mediante unha dedicación específica ás tarefas do partido.
 - b) Ser o enlace permanente entre o Partido e os compañeiros e compañeiras que estean ao fronte das distintas administracións ou gobernos, trasladándolles a estes os criterios e consideracións do partido.
 - c) Ser a/o voceira/o cualificada/o da CENG e a/o encargada/o de emitir as opinións oficiais do partido.

Artigo 65. Do funcionamento da CENG.

1. A CENG poderá designar delegadas/os nacionais que actuarán, en nome desta, naquelas funcións que esta lle encomende, baixo a dependencia da Secretaría de Organización.
2. As/os delegadas/os nacionais poderán ser chamados pola CENG para informar nas súas reunións sobre os asuntos das súa competencia.
3. A CENG poderá constituír no seu seo comisións para asuntos específicos, podendo delegar facultades de decisión sobre estes.
4. A CENG disporá dun gabinete permanente e estable de asistencia técnica e xurídica, suficientemente dotado de recursos materiais e humanos, ao servizo da organización e dos grupos políticos do partido nas distintas institucións galegas.
5. O CNG aprobará o regulamento interno da CENG, a proposta desta.

CAPÍTULO IV. CONSELLO TERRITORIAL

Artigo 66. Do Consello Territorial.

O Consello Territorial (CT) é un órgano nacional ao que corresponde informar e asesorar sobre as políticas do partido que afectan ao territorio e á cidadanía galega. O Consello Territorial será convocado pola Secretaría Xeral da CENG.

Artigo 67. Composición CT.

O Consello Territorial está composto pola/o secretaria/o xeral e unha representación da CENG, elixida en reunión ordinaria do seu plenario, as/os catro secretarías/os provinciais, as/os alcaldes/as/es ou voceiras/os socialistas das grandes cidades, os/as coordinadores/as das agrupacións comarcais, as/os presidentas/es ou voceiras/es das deputacións provinciais, a/o presidenta/e ou vicepresidenta/e socialista na FEGAMP, as/os representantes de cada un dos grupos parlamentarios socialistas (galego, español e europeo) e a/o secretaria/o xeral das XSG.

CAPÍTULO V. COMISIÓN NACIONAL DE LISTAS

Artigo 68. Da Comisión Nacional de Listas.

1. A Comisión Nacional de Listas (CNL) está formada por membros da CENG e membros do CNG, elixidas/os por este de entre as persoas que o compoñen. Nela, as e os membros elixidas/os polo Comité Nacional Galego deberán ser maioría.
2. A Comisión Nacional de Listas será elixida despois da celebración do Congreso Nacional Galego ordinario, a proposta da CENG, e estará vixente até a celebración do seguinte Congreso Nacional Galego.
3. As persoas que a compoñen non poderán pertencer a máis dunha comisión de listas.

Artigo 69. Das funcións da CNL.

1. A Comisión Nacional de Listas emitirá ditame previo á aprobación definitiva por parte do Comité Nacional Galego das/dos candidatas/os e candidaturas nos diferentes procesos electorais, nos que así estea previsto na normativa do partido.
2. Para realizar as súas funcións:
 - a) Disporá dunha ampla información sobre a traxectoria persoal, profesional e política dos candidatos e das candidatas para a valoración dos seus méritos.
 - b) Contará con información sobre as necesidades de traballo e especificidade na composición dos grupos parlamentarios e municipais.
 - c) Oirá ás XSG, co fin de promover a participación da mocidade nas candidaturas electorais.

- d) Escoitará, nas cuestións que afecten á súa circunscrición, a/o secretaria/o xeral provincial e a unha/un membro do Comité Provincial de entre as/os elixidas/os para a Comisión Provincial de Listas.
- e)

CAPÍTULO VI. COMISIÓN NACIONAL DE ÉTICA E GARANTÍAS E RÉXIME DE RECURSOS

Artigo 70. Da Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos.

1. O Congreso Nacional Galego elixirá unha Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos (CNEGRR). Dita comisión estará integrada por cinco membros e terá unha/un presidenta/e e unha/un secretaria/o.
2. A condición de membros da Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos é incompatible cos cargos de membros das comisións executivas federal, nacional e provinciais.
3. As vacantes que se poidan producir serán cubertas a proposta da CENG, debendo contar coa aprobación do CNG.
4. As persoas que a compoñen están obrigadas a unha total reserva dos datos que figuran no rexistro de bens e actividades ou dos que tiveran coñecemento con motivo do exercicio de tal función. A informatización de datos farase con estrito cumprimento das disposicións legais aplicables.

Artigo 71. Das competencias da CNEGRR.

A Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos será competente para:

- a) Desempeñar aquelas funcións que lle asigna o regulamento federal de congresos nos procedementos de primarias para a elección da Secretaría Xeral no ámbito nacional e provincial.
- b) Supervisar e controlar as situacións patrimoniais das e dos afiliadas/os socialistas e as actividades económicas dos cargos públicos electas/os ou designadas/os polo PSdeG- PSOE.
- c) Velar polo cumprimento das normas sobre incompatibilidades de cargos públicos que sexan afiliadas/os socialistas.
- d) Recibir as declaracións das candidatas e candidatos en listas do partido naqueles procesos nos que non sexa competente a Comisión Federal de Ética e Garantías e Réxime de Recursos.
- e) Supervisar e controlar as situacións patrimoniais das/dos afiliadas/os socialistas e as actividades económicas dos cargos públicos electas/os ou designadas/os polo PSdeG- PSOE.
- f) Garantir, no desempeño das súas funcións, a protección de datos e da información recibida.

- g) Requirir tanta información como sexa necesaria para o cumprimento do seu labor.
- h) Supervisar no ámbito da comunidade autónoma o cumprimento e aplicación do Código Ético do partido.
- i) Elevar á dirección do partido calquera anomalía que poida detectar, así como poñer en coñecemento do órgano competente condutas ou feitos sancionables, para instruír o correspondente expediente disciplinario.
- j) Realizar aquelas outras funcións que puidera delegar nela a Comisión Federal de Ética e Garantías e Réxime de Recursos.

Artigo 72. Do control patrimonial e protección da militancia.

1. A Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos supervisará e controlará as situacións patrimoniais das afiliadas e afiliados socialistas e as actividades económicas de cargos públicos electas/os ou designadas/os polo PSdeG-PSOE. Así mesmo, fará un seguimento do cumprimento das normas sobre incompatibilidades de cargos públicos que sexan afiliadas ou afiliados socialistas.
2. As e os cargos públicos e militantes do PSdeG-PSOE poderán acudir á Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos cando foran difamadas/os ou sexan obxecto de informacións tendenciosas sobre o seu patrimonio ou actividades, ao obxecto de que sexa a comisión a que asuma a defensa da súa integridade e honestidade.

Artigo 73. Das declaracións de bens de candidatos/as

1. Todas/os as/os candidatas/os do PSdeG-PSOE en listas a eleccións xerais, europeas, autonómicas e locais deberán presentar a declaración de bens e actividades con anterioridade á aprobación definitiva da lista polo órgano competente en cada ámbito e, tamén, no momento de finalizar o exercicio no cargo, de acordo cos formularios que se aproben a estes efectos.
2. Esta declaración tamén será esixida ás e aos militantes do partido que sexan designadas/os para ocupar cargos públicos na Administración autonómica con nivel igual ou superior a director/a xeral, debendo presentala ao comezo e ao cese das súas actividades.
3. O órgano competente poderá esixir que a declaración veña acompañada da copia da declaración do imposto da renda e, no seu caso, do patrimonio.
4. O incumprimento da obriga de presentar esta declaración poderá determinar a exclusión da/do candidata/o da lista.
5. A Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos dará conta do incumprimento desta obriga aos órganos internos responsables da aprobación das candidaturas e, no seu caso, aos competentes en materia disciplinaria.
6. A Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos poderá requirir de calquera afiliada/o que teña un papel politicamente relevante no partido ou na sociedade, aínda cando non desempeñe un cargo público ou representativo, a presentación das declaracións sobre a súa situación patrimonial e actividades

económicas, cando se dean situacións que o fagan necesario para garantir ante a sociedade a honorabilidade das/dos súas/seus afiliadas/os.

7. A Comisión Nacional de Ética e Garantías e Réxime de Recursos, a instancia da CENG ou de oficio, escoitará a todo cargo orgánico ou electo que sexa obxecto de investigación xudicial e poderá recomendar, razoadamente, ao órgano competente a suspensión de dito cargo das súas funcións ou ben medidas de amparo da/do militante e de defensa dos intereses do partido.

TÍTULO V. EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS

Artigo 74. Da instrución e tramitación dos expedientes disciplinarios.

1. As comisións executivas municipais e, subsidiariamente, as comisións executivas provinciais e nacional son competentes para instruír expedientes disciplinarios contra militantes, ben de oficio ou a instancia razoada de parte, axustándose ao previsto no Regulamento Federal.
2. Os expedientes referidos a condutas constitutivas de falta leve, resolveranse pola CENG. Contra as súas resolucións caberá recurso ante a Comisión Executiva Federal.
3. Nos supostos de expediente disciplinario por falta grave ou moi grave as comisións executivas que promovan o expediente remitirano á Comisión Executiva Federal, que resolverá. Contra as resolucións ditadas pola Comisión Executiva Federal caberá recurso único de alzada ante a Comisión Federal de Ética e Garantías e Réxime de Recursos. As impugnacións que versen sobre a vida interna do partido serán resoltas pola CEF.

Artigo 75. Da expulsión provisional do partido.

1. Caberá a expulsión provisional do partido acordada pola Comisión Executiva Federal, ben a iniciativa propia ou a instancia da Comisión Executiva Nacional Galega e das comisións executivas provinciais, cando se produzan os seguintes supostos:
 - a) Actuación en contra de acordos expresamente adoptados polos órganos de dirección do partido.
 - b) Cando se produzan supostos de actuacións gravemente irregulares que a xuízo da CEF merezan tal medida.
 - c) Os previstos no artigo 8 dos Estatutos Federais até que se produza a suficiente acreditación da concorrencia das circunstancias persoais que dan lugar á perda da condición de afiliada ou afiliado.
2. Nestes casos tramitarase posteriormente o correspondente expediente disciplinario.

Artigo 76. Das competencias disciplinarias da CENG.

A CENG exercerá as competencias disciplinarias que teña atribuídas no réxime disciplinario do partido sobre as persoas afiliadas no seu ámbito.

TÍTULO VI. CONFERENCIAS

Artigo 77. Das conferencias: definición, convocatoria e desenvolvemento.

1. O PSdeG-PSOE poderá celebrar, polo menos unha vez entre congresos, conferencias para cuestións políticas e sectoriais de especial transcendencia, cunha orde do día específica. Participarán, con voz e voto, as/os afiliadas/os en representación dos ámbitos orgánicos territoriais do partido.
2. O órgano que convoca as conferencias será o Comité Nacional Galego a iniciativa propia ou a proposta da Comisión Executiva Nacional Galega. Na súa convocatoria determinarase o número de participantes, a súa distribución territorial e o obxecto desta.
3. A normativa aplicable para o desenvolvemento das conferencias estará determinada pola súa propia convocatoria e, de forma supletoria, polo establecido no Regulamento Federal.

Artigo 78. Das conferencias virtuais sectoriais.

1. As conferencias sectoriais son espazos de participación política aberta e directa do PSdeG-PSOE como unha forma de participación complementaria ás estruturas territoriais do partido xa existentes. Agruparanse por materias ou temas e contarán cun espazo de traballo virtual permitindo ás persoas que as compoñen interactuar e participar en debates, actividades ou o impulso de iniciativa e a elaboración de propostas a trasladar aos órganos do partido.
2. Participación:
 - a) Poderán participar, ademais das/dos afiliadas/os do partido, entidades sociais e representantes da sociedade civil.
 - b) Para a participación nas conferencias sectoriais estableceranse sistemas de rexistro electrónico.
3. Creación e estrutura:
 - a) As secretarías da CENG proporán á Comisión Executiva Nacional Galega, para a súa aprobación, a creación de conferencias sectoriais.
 - b) Unha vez constituída, conformarase un Comité Coordinador Sectorial formado por:
 - i. A Secretaría correspondente.
 - ii. A coordinadora ou o coordinador da conferencia, designada/o pola Comisión Executiva Nacional Galega.
 - iii. Representantes dos ámbitos territoriais do partido.

4. **Funcionamento:** a designación, o funcionamento e a forma de adopción de acordos do Comité Coordinador Sectorial será o establecido no Regulamento Federal.

TÍTULO VII. CONSULTAS Á MILITANCIA

Artigo 79. Convocatoria e desenvolvemento das consultas á militancia.

1. A CENG, así como as comisións executivas provinciais ou municipais poderán convocar consultas á militancia sobre aqueles asuntos de especial transcendencia que recolla o Regulamento Federal e que afecten ao seu ámbito territorial de actuación. A celebración das consultas deberá ser previamente autorizada pola comisión executiva de ámbito superior á proponente e dar conta á CEF que poderá, en todo caso, oporse á celebración destas cando poida entrar en contradición con decisións adoptadas polos órganos competentes.
2. En todo caso, será obrigatoria a consulta á militancia, ao nivel territorial que corresponda, sobre os acordos de goberno nos que sexa parte o PSdeG-PSOE ou sobre o sentido do voto en sesións de investidura que supoñan facilitar o goberno a outro partido político segundo o procedemento e coas excepcións por razóns de urxencia que se desenvolvan no Regulamento Federal.

TÍTULO VIII. ADMINISTRACIÓN E PATRIMONIO DO PSdeG-PSOE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 80. Dos mecanismos de control e transparencia.

En materia de financiamento de partidos, o PSdeG-PSOE, ao configurarse como instrumento básico de formación da vontade popular e de representación política, posibilitará e promoverá os máximos niveis de transparencia e publicidade, e adoptará mecanismos de control que impidan a desviación das súas funcións, que serán permanentemente revisados no seu ámbito de actuación.

Artigo 81. Da personalidade xurídica única.

O PSOE, coa denominación de PSdeG-PSOE en Galicia, ostenta personalidade xurídica única no seu ámbito orgánico de actuación, con plena capacidade de obrar, sen prexuízo do disposto na normativa que afecte aos grupos políticos nas diferentes institucións.

Artigo 82. Do financiamento do PSdeG-PSOE.

En materia de financiamento, o PSdeG-PSOE asume a normativa vixente en materia de financiamento dos partidos políticos en todo o relativo aos mecanismos de funcionamento da súa estrutura, ao sistema de control interno para garantir a adecuada intervención e contabilización de todos os actos e documentos dos que se deriven dereitos e obrigas de contido económico, á xestión patrimonial, á xestión de recursos humanos, á xestión da financiación pública e privada, á formulación de contas, auditoría e fiscalización. Todo isto

no marco da normativa que o PSOE dite en materia de administración, financiamento e contabilidade para as distintas instancias do partido.

CAPÍTULO II. PATRIMONIO DO PARTIDO E A SÚA XESTIÓN

Artigo 83. Do patrimonio

1. O patrimonio do PSdeG-PSOE está constituído polos bens e dereitos de calquera clase, adquiridos por calquera título legal e indivisible. A expulsión ou dimisión das e dos militantes ou a disolución das agrupacións municipais ou provinciais non implica ningún dereito a cotas de división do patrimonio que sempre é de exclusiva titularidade do PSdeG-PSOE.
2. Co fin de establecer un adecuado control en materia de administración do patrimonio, a titularidade corresponde ao partido. Será requisito inescusable para a formación de operacións de compra, venda, empeño ou hipoteca dos bens o previo acordo expreso da CENG, que contará cun apoderamento para cada actuación concreta.
3. Son recursos económicos do partido as cotas e achegas económicas das e dos militantes, os rendementos do seu patrimonio, o produto das actividades do partido, as doazóns, os legados e as subvencións que reciba e os créditos que concerte.
4. Os xornais e revistas, así como outros medios de comunicación social que sexan propiedade do partido dependerán, política e administrativamente, dos órganos de dirección nacionais.
5. Todo o patrimonio do partido será de exclusiva titularidade do PSdeG-PSOE e, en ningún caso, se permitirá que aquel ou parte daquel estea baixo nome dunha persoa ou persoas particulares, aínda que sexan membros dos órganos de dirección. No caso de disolución do PSdeG-PSOE, os seus bens, dereitos e obrigas pasarán ao PSOE.

Artigo 84. Da xestión

1. A proposta da Secretaría de Organización da CENG e co informe previo, vinculante e favorable da Secretaría de Organización Federal, a CENG nomeará o xerente do PSdeG-PSOE.
2. En todo o relativo á xestión económico-financeira do PSdeG-PSOE estarase ao previsto nos estatutos e normativa federal do partido, con especial mención do regulamento de control e xestión, ou norma que o substitúa.

CAPÍTULO III . DOS PODERES

Artigo 85. Dos poderes.

1. A CENG será a encargada de que se outorguen no seu ámbito cantos poderes sexan precisos para o correcto funcionamento e xestión no ámbito da administración e finanzas do Partido.
2. En ditos poderes, sinalaranse detalladamente as facultades que se outorgan, de tal forma que permitan un adecuado funcionamento ordinario.

CAPÍTULO IV. ORZAMENTOS, RECURSOS ECONÓMICOS E CONTABILIDADE

Artigo 86. Dos orzamentos.

1. É competencia da CENG aprobar o proxecto de orzamentos do PSdeG-PSOE que se someterá ao Comité Nacional Galego para a súa definitiva aprobación.
2. A CENG, aprobará os orzamentos para as eleccións (orzamentos de campaña) sempre que estas sexan de ámbito nacional galego.

Artigo 87. Dos recursos económicos.

Os recursos económicos do PSdeG-PSOE están constituídos polos recursos procedentes do financiamento público e do financiamento privado que se enumeran no artigo 2 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos. A CENG ditará as normas, de obrigado cumprimento, en materia de administración, financiamento e contabilidade das distintas instancias do partido en Galicia, incluíndo ao Grupo Parlamentario Socialista e aos demais grupos institucionais, dándose cumprido coñecemento destas ao Comité Nacional Galego.

Artigo 88. Das contas bancarias do partido.

Todas as contas bancarias dos diferentes órganos territoriais do partido en Galicia estarán baixo o control e fiscalización da CENG.

Artigo 89. Dos informes, ditames e auditorías externas.

1. A CENG poderá solicitar informes e ditames non vinculantes sobre aspectos concretos das contas do partido no seu conxunto ou da contabilidade dalgún órgano en concreto.
2. Así mesmo, poderanse solicitar auditorías externas, cando así se considere necesario, para un detallado coñecemento das contas de que se trate.

Artigo 90. Da intervención das contas do partido.

A CENG, se as circunstancias así o requiren, poderá intervir, conforme as normas de partido e á legalidade vixente as contas de calquera órgano do PSdeG-PSOE, sen prexuízo das responsabilidades nas que puideran ter incorrido as/os súas/seus responsables.

Artigo 91. Da contabilidade e contratación.

En todo o referido á contabilidade e contratación, o PSdeG-PSOE aplicará as normas internas do partido e as previstas na normativa reguladora en materia de financiamento de partidos políticos e de control da súa actividade económico-financeira.

CAPÍTULO V. COTAS

Artigo 92. Das cotas e contribucións.

A CENG asegura o seguimento e control das cotas de afiliación do partido e das contribucións dos cargos públicos e institucionais.

Artigo 93. Das cotas.

1. A cota de afiliación será fixada anualmente polo Comité Federal a proposta da CEF.
2. As agrupacións municipais por acordo da súa Asemblea e conforme ás normas do partido e, no seu caso, coa autorización da CEF, poderán devolver unha parte das cotas das e dos militantes, correspondentes a estas, ás compañeiras e aos compañeiros pensionistas, xubiladas/os, paradas/os, ou outros casos xustificados, que polas súas especiais condicións económicas, así o soliciten de xeito razoado, motivado e xustificado.
3. A CENG poderá propoñer cotas extraordinarias para a súa aprobación polo CNG.
4. A CENG poderá propoñer ao Comité Nacional Galego para a súa aprobación, unha cota especial para os cargos de representación do partido ou asimilados, así como a norma para fixar a contía e os mecanismos de revisión desta.

TÍTULO IX. PROCEDEMENTOS ELECTORAIS

CAPÍTULO I. SELECCIÓN DE CANDIDATAS E CANDIDATOS

Artigo 94. Da elaboración das listas.

A elaboración das listas das candidaturas do PSdeG-PSOE ás eleccións lexislativas, locais, autonómicas e diversos cargos públicos ás institucións, basearase nos seguintes principios:

- a) A igualdade de todas as afiliadas e afiliados para acceder aos cargos públicos dependentes do partido.
- b) A representatividade e proxección social das candidatas e candidatos.
- c) O principio de mérito que asegure a selección das compañeiras e compañeiros máis capacitadas/os.

- d) A renovación periódica e gradual no exercicio das funcións públicas, evitando a acumulación de cargos tanto orgánicos como institucionais.
- e) O cumprimento do principio de democracia paritaria.
- f) As comisións de listas disporán dunha ampla información sobre a traxectoria persoal, profesional e política das candidatas e candidatos e establecerán mecanismos de valoración obxectiva dos méritos.

Artigo 95. Do procedemento para a elección das candidaturas. relativo ao procedemento a seguir para a elección de candidatas/os nos procesos electorais referidos no artigo anterior, a competencia dos órganos do PSdeG-PSOE na elaboración das candidaturas e á organización e funcionamento dos órganos que supervisen estes procedementos, estarase ao que se estableza na normativa de desenvolvemento dos Estatutos Federais.

Artigo 96. Da acumulación de cargos públicos.

Co fin de potenciar a participación das e dos militantes do partido e facer rendible ao máximo o seu traballo político nas institucións, evitarase a acumulación de cargos públicos e orgánicos nunha mesma persoa.

Artigo 97. Das incompatibilidades dos cargos do partido.

1. As afiliadas e afiliados do PSdeG-PSOE, ademais das incompatibilidades específicas entre cargos que se establecen nos estatutos do partido, non poderán desempeñar, simultaneamente, máis dun cargo institucional ou público de elección directa, agás que exista un informe motivado da CENG para casos excepcionais.
2. Unha/un afiliada/o só poderá ter un cargo orgánico executivo, agás que sexan inherentes ou derivados do cargo ou función principal ou un deles sexa formar parte da Comisión Executiva Municipal. En todo caso, será incompatible ocupar un cargo nas comisións executivas provinciais ou nacional e ser membro da Comisión Executiva Federal.
3. Ningún cargo orgánico executivo poderá ser ocupado pola mesma persoa durante máis de tres mandatos consecutivos, agás cando, no caso da Secretaría Xeral, o seu titular exerza a Presidencia do Goberno da Xunta de Galicia.

TÍTULO X. CARGOS PÚBLICOS DO PSdeG-PSOE

Artigo 98. Da normativa aplicable á selección de candidaturas.

A selección de candidatas e candidatos do PSdeG-PSOE a cargos públicos realizarase de conformidade cos estatutos do partido e coa normativa federal reguladora dos cargos públicos.

Artigo 99. Da oficina parlamentaria.

1. En cada circunscrición electoral, crearase unha oficina parlamentaria dependente directamente da CENG e, en coordinación coas comisións executivas provinciais, formada por parlamentarias/os europeas/os, nacionais, autonómicas/os e deputadas/os provinciais, en colaboración coas correspondentes áreas organizativas e institucionais, co fin de potenciar o diálogo social e a conexión das parlamentarias e dos parlamentarios cos movementos sociais e coa cidadanía.
2. As deputadas/os e senadoras/es darán conta, anualmente, da súa xestión diante dos órganos da súa circunscrición.
3. Os cargos institucionais procurarán ter una axenda diaria que poderá ser publicada nas páxinas web do partido e da institución correspondente.

Artigo 100. Da vinculación dos acordos dos órganos nacionais ás e aos representantes públicos do partido.

1. As/os deputadas/os e senadoras/es e eurodeputadas/os do PSdeG-PSOE, en asuntos específicos de Galicia, acatarán os acordos do Comité Nacional Galego e da Comisión Executiva Nacional Galega.
2. Para as/os membros do partido elixidas/os noutros ámbitos da actividade política ou que ocupen altos cargos na Administración, seguiranse os criterios establecidos para as/os parlamentarias/os, tanto no terreo político como no económico.

Artigo 101. Da achega económica das e dos representantes públicos do partido.

1. As/os afiliadas/os do partido que ocupen cargos públicos ou institucionais, en representación deste, estarán obrigadas/os a facer unha achega económica mensual en función dos criterios establecidos polo CNG.
2. A asignación e emolumentos que perciban as/os membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, as/os deputadas/os, as/os senadoras/es, as/os eurodeputadas/os e as/os deputadas/os provinciais ingresarán no partido segundo os criterios marcados pola CENG, de acordo coas normas que resulten de aplicación.
3. O CNG, a proposta da CENG, fixará as cotas que deberán aboar ao partido os cargos públicos e institucionais, así como os órganos territoriais que se beneficiarán de ditos ingresos, de acordo coas normas do partido que resulten de aplicación.
4. As asignacións económicas individuais e colectivas que se perciban por calquera concepto no desempeño do cargo público terán que axustarse aos establecido na lexislación que resulte de aplicación, no marco dunha maior transparencia e compromiso de servizo público. No caso dos ingresos que se poidan facer ao partido deberán de axustarse aos estatutos e normas establecidas ao respecto e, sempre, dentro da máis estrita legalidade.

Artigo 102. Do cumprimento por parte das e dos representantes institucionais das resolucións e programas do partido.

As e os socialistas con cargo de representación institucional están obrigados/as a cumprir coas resolucións e programas electorais aprobados polos órganos do partido. Os

compromisos deben cumprirse. A credibilidade e a confianza das e dos militantes, simpatizantes e votantes gánase e susténtase na firmeza con posicións aceptadas lexitimamente pola nosa organización política.

TÍTULO XI. GRUPOS POLÍTICOS DO PSdeG-PSOE

CAPÍTULO I. GRUPO PARLAMENTARIO

Artigo 103. Do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

1. O Grupo Parlamentario do Partido dos Socialistas de Galicia é o soporte parlamentario permanente do goberno cando este está presidido polas e polos socialistas e debe explicar suficiente e fondamente á sociedade e á militancia, en particular, as reformas realizadas dende as institucións administradas polas e polos socialistas.
2. O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia renderá xestión, anualmente, ante o Comité Nacional Galego e por conduto da CENG.
3. O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia está constituído por todas as candidatas e candidatos elixidas/os nas eleccións ao Parlamento de Galicia. Todos os cargos públicos en representación do partido que estean remuneradas/os por tal responsabilidade ingresarán na CENG o importe dos honorarios que se fixen regulamentariamente.
4. As e os membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia asumen e están obrigadas/os a acatar a declaración de principios, programas e resolucións aprobadas no Congreso Nacional Galego do partido, así como as directrices emanadas dos órganos de dirección do partido, a CENG e do CNG.
5. A efectos orgánicos, as e os membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia continuarán vinculadas/os ás súas unidades orgánicas, aínda cando dependan do CNG e, no seu defecto, da CENG respecto da súa actividade no parlamento.
6. Todas/os as/os membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia aceptan o compromiso de presentar a súa dimisión á/ao presidenta/e do Parlamento de Galicia se unha vez elixidas/os causan baixa no PSdeG-PSOE por calquera circunstancia.
7. As e os membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia deberán respectar os acordos e resolucións dos órganos do partido, estando suxeitos á unidade de actuación e disciplina de voto. Se non a respectasen, a CENG poderá adoitir as medidas disciplinarias oportunas.
8. Aquelas parlamentarias e parlamentarios que non estean afiliadas/os ao PSdeG-PSOE, pero que desexen adscribirse ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia poden facelo sempre que acepten o establecido nestes estatutos. En ningún caso poderán representar ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.
9. O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia terá sempre unha dirección permanente con, ao menos, unha presidencia, unha/un voceira/o e unha Secretaría

Xeral. A dirección do grupo parlamentario será designada pola Comisión Executiva Nacional Galega.

10. A/o secretaria/o xeral do PSdeG-PSOE ou persoa en quen delegue asistirá ás xuntanzas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Artigo 104. Das achegas económicas.

1. As achegas económicas individuais e colectivas que perciban as e os membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por calquera concepto no desempeño do cargo público terán que axustarse ao establecido na lexislación que resulte de aplicación, no marco da maior transparencia posible e estarán baixo o control económico da Comisión Executiva Nacional Galega.
2. Así mesmo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e as deputadas e os deputados que o conforman ingresarán na CENG os importes que regulamentariamente se fixen, sempre dentro da máis estrita legalidade.

CAPÍTULO II. GRUPOS SOCIALISTAS NAS ENTIDADES LOCAIS

Artigo 105. Dos grupos socialistas nas entidades locais.

1. As deputadas e os deputados provinciais e as concelleiras e os concelleiros electas/os nas listas socialistas constitúen os grupos socialista nas corporacións provinciais e locais.
2. O grupo socialista ten capacidade para tomar decisións e levalas a cabo no seu ámbito de actuación, sempre de acordo cos obxectivos sinalados nos programas electorais, as resolucións dos congresos do partido e os acordos emanados dos órganos do partido competentes en cada caso.
3. As e os membros do grupo socialista da corporación explican e dan conta, anualmente, da súa actuación diante dos órganos executivos do partido.
4. Ás reunións do grupo municipal poderá asistir a/o responsable da Secretaría de Política Municipal da Comisión Executiva Municipal.
5. No caso dos grupos socialistas nas deputacións provinciais poderá asistir a/o secretaria/o de política municipal da Comisión Executiva Provincial e da CENG.
6. Cada grupo provincial ten a súa voceira/o que será proposta/o pola CEP de entre as e os deputadas/os provinciais. Ostenta a representación na corporación e fala en nome daquel cando teña que fixar a súa posición. En ningún caso se acumularán os cargos de voceira/o e alcaldesa/alcalde, ou presidenta/e da Deputación. O grupo provincial tamén elixirá un membro que actúa de secretaria/o deste.
7. A Comisión Executiva Municipal poderá propoñer candidatas/os para os cargos de voceira/o e secretaria/o do grupo municipal. As posibles discrepancias, que sobre o nomeamento dos cargos de voceira/o ou secretaria/o, poidan xurdir entre o grupo

socialista da corporación e a organización do partido serán sometidas á arbitrase da Comisión Executiva Nacional Galega. Cabe recurso diante da CEF en segunda instancia.

Artigo 106. Das asignacións económicas.

As asignacións económicas individuais e colectivas que se perciban por calquera concepto no desempeño do cargo público nas corporacións locais terán que axustarse ao establecido na lexislación que resulte de aplicación, no marco da maior transparencia posible. No caso dos ingresos que se poidan facer ao partido deberán de axustarse aos estatutos e normas establecidas ao respecto e, sempre, dentro da máis estrita legalidade.

TÍTULO XII. XUVENTUDES SOCIALISTAS DE GALICIA

Artigo 107. Das Xuventudes Socialistas de Galicia.

As Xuventudes Socialistas de Galicia constitúen a organización xuvenil do PSdeG-PSOE e, como tal, tanto os seus órganos de dirección coma a súa militancia están obrigados a aceptar e cumprir o programa e resolucións do Congreso Nacional Galego, a estratexia global, os principios ideolóxicos aprobados nos congresos e os acordos adoptados polo CNG e pola CENG.

Artigo 108. Da militancia nas XSG e no PSdeG-PSOE.

1. As e os militantes de Xuventudes Socialistas de Galicia que militan ao mesmo tempo no PSdeG-PSOE teñen todos os dereitos e deberes que figuran nos estatutos.
2. As comisións executivas municipais impulsarán a incorporación ás XSG da mocidade afiliada ao partido.

Artigo 109. Da autonomía das XSG.

As XSG teñen autonomía na súa organización de base, concretada na súa posibilidade de celebrar os seus congresos e da elección de órganos de dirección a todos os niveis, se ben as súas resolucións terán que ser referendadas polos órganos de dirección do PSdeG-PSOE, a fin de que non existan contradicións.

Artigo 110. Da representación das XSG.

1. As XSG terán representación nos órganos executivos do partido por medio da/o secretaria/o xeral do ámbito correspondente con voz e voto. As e os militantes das XSG poderán asistir ás asembleas das agrupacións municipais do PSdeG-PSOE, con voz pero sen voto.
2. O PSdeG-PSOE terá como obxectivo incorporar á mocidade ás institucións públicas galegas, froito dun compromiso de pacto interxeracional (concellos, deputacións, Parlamento de Galicia e Xunta de Galicia).

3. As comisións executivas municipais do partido impulsarán a creación de agrupacións municipais das XSG. A CENG informará semestralmente ás XSG das altas de mozas e mozos no PSdeG-PSOE nas diferentes localidades, co fin de que as mocidades do partido procedan á constitución formal da respectiva agrupación municipal das XSG.
4. O PSdeG-PSOE debe prestar un apoio decidido e colaboración con organizacións estudantís afíns ao partido, en especial aquelas ligadas ás XSG, como é o caso da IESGA e fomentará a creación e fortalecemento dunha organización estudantil con espazo propio na comunidade educativa galega, autónoma no seu funcionamento, pero fundamente comprometida co proxecto socialista, para recuperar un espazo na universidade e no ensino en xeral.

Artigo 111. Da tarefa das XSG.

1. As XSG, en coordinación co PSdeG-PSOE, terán a tarefa de participar na elaboración da política socialista para a mocidade. A tal efecto, crease unha comisión de xuventude formada por membros das respectivas comisións executivas nacionais, de xeito paritario, co fin de avalialas necesidades da mocidade e as respostas a dar nos diferentes foros ou institucións.
2. O PSdeG-PSOE colaborará de forma regular, económica e politicamente, coas XSG, e incorporará unha partida económica no seus orzamentos a tal fin.
3. Como organización xuvenil do PSdeG-PSOE poderán utilizar para o desenvolvemento da súa actividade os medios materiais dos que dispoña o partido, previa autorización da CENG e/ou outras direccións políticas nos diferentes ámbitos territoriais e orgánicos.

Artigo 112. Da participación das XSG nos congresos e nas conferencias.

1. A participación das XSG, con voz e voto nos congresos e nas conferencias do partido a nivel nacional e provincial determinarase en base ao seu censo regularizado segundo o procedemento establecido para o censo do partido e baixo a supervisión da Secretaría de Organización, utilizando o mesmo baremo que o aplicado para o resto do partido.
2. As Secretarías de Organización do PSOE e das JSE emitirán a oportuna certificación de cada ámbito territorial. En todo caso, a representación das XSG será, como mínimo, do 2% e, como máximo, do 5% das e dos representantes en ditos congresos ou conferencias.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS, TRANSITORIAS, FINAIS E DERROGATORIA

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira.

1. En todo o non previsto nos presentes Estatutos, aplicarase con carácter supletorio, os Estatutos Federais e os Regulamentos e normas que os desenvolven.
2. O Comité Nacional Galego queda facultado para incorporar, no seu caso, as correccións que o Comité Federal poida introducir nos estatutos e normas federais do partido.

Disposición adicional segunda.

A/o secretaria/o xeral electo, de acordo co establecido no artigo 5.1.b dos presentes estatutos, elaborará e remitirá á comisión do Congreso Nacional Galego que corresponda unha proposta de estrutura da CENG co fin de que se incorpore ao correspondente ditame.

Disposición adicional terceira.

A creación do Consello de Política Municipal que deberá constituírse no primeiro ano de mandato da Comisión Executiva Nacional Galega e que se dotará dun regulamento de funcionamento que aprobará o Comité Nacional Galego.

DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición Final Primeira.

As comarcas aos efectos do previsto nos artigos 32 e 33 deste Estatutos son as seguintes:

PROVINCIA DE A CORUÑA:

BARBANZA

Boiro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Pobra do Caramiñal, Outes, Porto do Son, Rianxo e Ribeira.

BERGANTIÑOS

Cabana, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica e Ponteceso.

COMPOSTELA

A Baña, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Ordes, Oroso, Padrón, Dodro, O Pino, Rois, Santa Comba, Santiago, Teo, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

A CORUÑA

A Coruña, Arteixo, Cambre, Carral, Cerceda, Culleredo, Oleiros e Sada.

COSTA ATLÁNTICA

Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Muxía, Vimianzo e Zas.

FERROL

A Capela, As Pontes, Ares, Cabanas, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume, San Sadurniño, Somozas e Valdoviño.

INTERIOR CORUÑÉS

Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar.

MARIÑAS BETANCEIRAS

Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Monfero, Oza-Cesuras, Paderne e Vilarmajor.

ORTEGAL

Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón, Moeche e Ortigueira.

PROVINCIA DE LUGO

LE MOS

Bóveda, Folgoso do Caurel, Monforte, O Saviñao, Pantón, Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil e Sober.

LUGO

Castroverde, Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei e Portomarín.

MARIÑA LUGUESA

A Pontenova, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Mondoñedo, O Valadouro, O Vicedo, Orol, Ribadeo, Riotorto, Trabada, Vilanova de Lourenzá, Viveiro e Xove.

MONTAÑA LUGUESA

A Fonsagrada, As Nogais, Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Pedrafita, Ribeira de Piquín e Triacastela.

SARRIA

Láncara, O Incio, O Páramo, Paradela, Samos, e Sarria.

SUROESTE LUGUÉS

Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei e Taboada.

TERRA CHA

Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, Muras, Pastoriza, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade.

PROVINCIA DE OURENSE

BANDE

Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muiños e Vereá.

CARBALLIÑO-RIBEIRO

Arnoia, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avía, Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Irixe, Leiro, Maside, Melón, Piñor, Punxín, Ribadavia, San Amaro e San Cristobo de Cea.

CELANOVA

A Bola, A Merca, Cartelle, Celanova, Cortegada, Gomesende, Padrenda, Pontedeva, Quintela de Leirado e Ramirás.

A LIMIA

Baltar, Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

OURENSE

A Peroxa, Allariz, Amoeiro, Baños de Molgas, Barbadás, Coles, Esgos, Maceda, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne, Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén, Vilamarín, Xunqueira de Ambía e Xunqueira Espadañedo.

TRIVES-CALDELAS

Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Montederramo, Parada de Sil, Pobra de Trives, San Xoán de Río, Teixeira e Vilariño de Conso.

VALDEORRAS

A Rúa, A Veiga, Carballeda, Larouco, O Barco, O Bolo, Petín, Rubiá, Viana do Bolo e Vilamartín.

VERÍN

A Gudiña, A Mezquita, Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Ríos, Verín e Vilardevós.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

AROUSA

A Illa de Arousa, Cambados, Catoira, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía e Vilanova.

BAIXO MIÑO-PORRIÑO

A Guarda, O Porriño, O Rosal, Oia, Salceda de Caselas, Tomiño e Tui.

CONDADO-PARADANTA

A Cañiza, As Neves, Arbo, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño.

DEZA

Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

MORRAZO

Bueu, Cangas, Marín, Moaña e Vilaboa.

PONTEVEDRA

A Lama, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Fornelos de Montes, Pontecaldelas, Poio, Pontevedra e Soutomaior.

ULLA-UMIA

A Estrada, Barro, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Cuntis, Moraña, Pontecesures, Portas e Valga.

VIGO

Baiona, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Redondela e Vigo.

Disposición Final Segunda.

Os presentes estatutos foron adaptados aos Estatutos Federais do 40º Congreso Federal, celebrado en Valencia os días 15, 16 e 17 de outubro de 2021.

Disposición Final Terceira.

Os estatutos do partido estarán desenvolvidos, no seu caso, polas normas e regulamentos de ámbito galego que aprobe o Comité Nacional a proposta da Comisión Executiva Nacional Galega do PSdeG-PSOE.

Disposición final cuarta.

O Comité Nacional Galego queda facultado para aprobar as modificacións que haxa que introducir nestes estatutos como consecuencia dos cambios que aprobe o Comité Federal a través do Regulamento Federal de desenvolvemento do estatutos do partido aprobados no 40º Congreso Federal.

Disposición final quinta.

Estes estatutos entran en vigor con carácter inmediato unha vez aprobados polo 14º Congreso Nacional Galego en todo o seu articulado.

Disposición derogatoria.

Fican derogadas aquelas disposicións regulamentarias que entren en contradición cos presentes estatutos.